



NARÓN

Datos Do Expediente:

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/3/2024	GOB1810AE
6Q6E0R4J324S3K6V0W6D	
2 6Q6E0R4J324S3K6V0W6D3 »	
2 6Q6E0R4J324S3K6V0W6D3 »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTESETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELEIROS/AS:

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ

D/D^a NATALIA HERMIDA RICO

D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO

D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS

D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO

D/D^a OLGA AMENEIRO LOPEZ

D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL

D/D^a JOSE OREONA BRA

D/D^a MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO

D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY

D/D^a TANIA NOVO MOURIZ

D/D^a NURIA YAÑEZ FREIRE

D/D^a PEDRO PORTELA PARGA

D/D^a GONZALO IGLESIAS BLANCO

D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO

D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ

D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

D/D^a BEATRIZ MOSQUERA PUENTES

D/D^a JORGE ULLA ROCHA

D/D^a SILVIA MARIA DE ARRIBA FERNANDEZ

SR. INTERVENTOR ACCTAL:

D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA

SR. SECRETARIO XERAL:

D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vinteseite de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno deulle a súa aprobación.

2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS (PES) DO CONCELLO DE NARÓN PARA OS ANOS 2024, 2025 E 2026.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 18/03/2024 emitíu o informe con proposta para que a Concelleira Delegada de Participación Cidadá, eleve a Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade (documento aupac SSO18I0PM), que textualmente dí:

“ASUNTO: Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón, para os anos 2024, 2025 e 2026.

ANTECEDENTES

Desde a Concellería de Participación Cidadá do Concello de Narón se inicia o procedemento para a elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) en coordinación coas distintas áreas municipais, sendo este coherente cos programas plurianuais municipais, e coa normativa orzamentaria, axustándose ás restricións establecidas para o cumprimento dos obxectivos de política económica e estabilidade orzamentaria.

A figura do PES ten a súa regulación no artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, sendo desenvolvido no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da -Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local
- Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais
- RD 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo Sexto da Lei 39/1988
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local
- Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón
- Informe Xurídico da Xefa de Sección RRHH e Recursos Persoais.(ASI171102)
- Bases de execución do orzamento municipal

Á vista do exposto e do informe xurídico da Xefa de Sección RRHH e Patrimonio de data 18/03/2024 (ASI18I09K), a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón á Concelleira delegada de Participación Cidadá que se someta a ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade, a seguinte proposta:

1.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón para os anos 2024, 2025 e 2026, texto que se adxunta a esta proposta como Anexo I, así como as liñas específicas de axudas municipais, agrupadas nas correspondentes liñas estratéxicas, cos seus obxectivos e demais características que establece a lei e a dotación económica inicial prevista

2.- Ratificar polo Pleno a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón, para os anos 2024, 2025 e 2026.

ANEXO I

**PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE NARÓN
(PERÍODO 2024-2026)**

Contido

PREÁMBULO.....

ARTIGO 1.- PRINCIPIOS XERAIS.....

ARTIGO 2.- NATUREZA XURÍDICA.....

ARTIGO 3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 4.- ÁMBITO TEMPORAL

ARTIGO 5.- COMPETENCIA

ARTIGO 6.- PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS



NARÓN

ARTIGO 7.- LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....

ARTIGO 8.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.....

ARTIGO 9.- RÉXIME DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN CONTINUA.....

ARTIGO 10.- RESULTADOS DA AVALIACIÓN.....

ARTIGO 11.- FINANCIAMENTO

ARTIGO 12.- BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS.....

ARTIGO 13.- USO DO GALEGO.....

ARTIGO 14.- INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

Resumo das liñas de subvención para os anos 2024, 2025, e 2026.

Liña estratéxica 1: Benestar social.....

Liña de subvención: Atención inmediata de persoas con necesidades de subsistencia e persoas sen fogar

Liña de subvención: Intervención especializada con persoas en exclusión social.....

Liña de subvención: Cooperación ao Desenvolvemento

Liña de subvención: Apoio ao desenvolvemento psicosocial e educativo de menores e as súas familias

Liña de subvención: Apoio á formación universitaria a través da bonificación do transporte universitario

Liña de subvención: Apoio a maiores

Liña de subvención: Apoio á promoción social.....

Liña de subvención: Igualdade

Liña estratéxica 2: Sanidade

Liña estratéxica 3: Cooperación no ensino

Liña de subvención: Promoción de actividades educativas.....

Liña de subvención: Promoción do comedor escolar de almorzos

Liña de subvención: Promoción de actividades específicas relacionadas co ensino

Liña estratéxica 4: Participación cidadá.....

Liña de subvención: Subvencións a asociacións que fomenten a participación cidadá

Liña estratéxica 5: Promoción económica.....

Liña de subvención: Promoción económica.....

Liña de subvención: Subvencións a asociacións que fomenten o deporte

Liña estratéxica 7: Cultura

Liña de subvención: Cultura

ORDENANZA Nº 39 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO ACCESO E UTILIZACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUIÑOS INDUSTRIAIS DE XUVIA DO CONCELLO DE NARÓN.....

ORGANO INFORMANTE: INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ASUNTO: INFORME DOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL E
PRINCIPAL ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS NO EJERCICIO 2023, EN
CUMPRIMENTO DO ARTIGO 218 TRLRFL E DO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO 424/2017

PREÁMBULO

A Constitución Española establece no artigo 40 que os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico; no artigo 140 garante a autonomía dos municipios, e no 142 indica que as Facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións.

Por outro lado, o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e nos ámbitos das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LGS), no artigo 8.1 introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera dos entes públicos responsables da xestión de subvencións, elaborar un plan estratéxico de subvencións nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e a súas fontes de financiación, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, desenvolve o citado artigo 8 nos artigos 10 a 15, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento.

Do mesmo xeito, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5º pon de manifesto que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións...”.

A Ordenanza Municipal reguladora de concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, de 26 de outubro de 2017, publicada no BOP nº 2 de 3 de xaneiro de 2018, regula o réxime xurídico xeral das subvencións concedidas polos diferentes servizos municipais do Concello de Narón, e ao seu amparo, e a citada normativa de aplicación, leva moitos anos procurando o desenvolvemento municipal nos ámbitos social, educativo, de participación cidadá, e do deporte, entre outros, a través de distintas axudas directas ou, indirectamente, cooperando con distintas entidades que desenvolven o seu labor no noso territorio.

En atención ao exposto, o Plan Estratéxico de Subvención é unha ferramenta que, en cumprimento do artigo 8.1 de la Lei Xeral de Subvencións (38/2003, de 17 de novembro) e co obxectivo de mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións, establece e normaliza un conxunto de principios e bases de execución comúns para o conxunto das diversas liñas e programas de axuda e subvencións do Concello de Narón.

Finalizado o primeiro Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón 2021-2023, compre aprobar un novo plan para os próximos tres anos (2024-2026) coas actualizacións necesarias.

ARTIGO 1.- PRINCIPIOS XERAIS

A xestión do Plan Estratéxico de Subvencións (en adiante PES) axustarase aos principios legais xerais:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O principio de publicidade se materializa nas convocatorias públicas previas e na publicidade das subvencións concedidas, sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido respecto disto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, nas Bases de Execución do orzamento do Concello e demais normativa de aplicación.

O principio de transparencia se concreta na publicación anual na web municipal, no portal de transparencia, así como na Base Nacional de Subvencións de todas as subvencións concedidas polo Concello de Narón, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axudas e convocatorias.

O principio de libre concorrencia se plasma na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, non restrinxindo o acceso a quen se atopen en igualdade de condicións, de tal maneira que se garanta a concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.

O principio de obxectividade ten reflexo na concesión de subvencións conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria, a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polas potenciais entidades beneficiarias.

O principio de igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos se conforma coa observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.



NARÓN

O principio de eficacia se reflicte no cumprimento dos obxectivos marcados con relación aos efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e á forma anual ou plurianual.

O principio de eficiencia se consegue a través da asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións, e a asignación aos proxectos máis eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.

Este PES tamén segue o principio establecido no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, de planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.

Por último, se segue o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e á regra de gasto, en canto que a concesión de subvencións axustarase aos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

ARTIGO 2.- NATUREZA XURÍDICA

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvencións, así como das dispoñibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este Plan Estratéxico de Subvención será de aplicación a todas as subvencións tramitadas polo Concello de Narón, tanto en réxime de concesión directa, como en réxime de concorrencia competitiva.

No caso de que se tramitase unha subvención non comprendida neste PES deberá incluírse no expediente un informe no que se detalle a relación dos obxectivos da subvención co PES e os posibles efectos desta.

ARTIGO 4.- ÁMBITO TEMPORAL

Segundo o artigo 11 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria determinense para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Neste caso, está previsto que o PES teña unha vixencia de tres anos, para o período 2024, 2025 e 2026, sen prexuízo de que algunhas liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior, ou se vaian incorporando outras, en función dos informes de seguimento e as dispoñibilidades orzamentarias.

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural. Poderase establecer subvencións plurianuais, aínda que neste PES non se contempla inicialmente. Non obstante, o Concello de Narón continúa apoiando aos colectivos aos que xa o viña facendo en exercicios anteriores, debido á importancia para o tecido social, asociativo, participativo, cultural, e deportivo do Concello.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período establecido, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 5.- COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón será O Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade de fomento e de xestión económica, que ten carácter plurianual.

Unha vez aprobado, o PES municipal será publicado no portal de transparencia e a web municipal para o seu coñecemento, así como no BOP de A Coruña.

ARTIGO 6.- PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán beneficiarias das subvencións contempladas neste PES as persoas ou entidades coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Quedan expresamente excluídos do ámbito do presente plan, por non ter consideración de subvención, os casos establecidos nos artigos 2.2 e 2.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, así como os indicados nas Bases de Execución do Concello de Narón.

A aprobación do PES non supón a xeración de dereito algún a favor dos/as potenciais beneficiarios/as, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

ARTIGO 7.- LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O Plan Estratéxico do Concello de Narón resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento municipal de cada exercicio económico.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva, non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais. As liñas estratéxicas de actuación recollidas neste Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

Liña estratéxica 1: Benestar social

Liña estratéxica 2: Sanidade e programas de educación ambiental e para a sustentabilidade

Liña estratéxica 3: Cooperación no ensino

Liña estratéxica 4: Participación cidadá

Liña estratéxica 5: Promoción económica.

Liña estratéxica 6: Deportes

Liña estratéxica 7: Cultura

Por cada unha destas liñas de subvención, no anexo I se refiren as áreas de competencia afectadas e sectores cara ós que se dirixe a axuda; os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación; o prazo necesario para a súa consecución, e os custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios/as das subvencións.

ARTIGO 8.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión está en función do tipo de subvención.

a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, o procedemento ordinario de concesión de subvencións é o de concorrencia competitiva.

Este procedemento de concesión de subvencións se realizará seguindo o procedemento establecido no Capítulo II da Lei de subvención Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no Capítulo II do Real Decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como o establecido na Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón (BOP do 03/01/2018).

b) Subvencións concedidas de forma directa.

Naquelas liñas de subvención nas que se contemplan subvencións cun procedemento de concesión directa, a regulación específica de cada liña incorporará a xustificación dos requisitos e criterios que serven de base para a utilización dese procedemento.

Este procedemento de concesión de subvencións se realizará seguindo o procedemento establecido no Capítulo III da Lei de subvención Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no Capítulo II do Real Decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o indicado no Capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o establecido na Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón (BOP do 03/01/2018).

ARTIGO 9.- RÉXIME DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN CONTINUA

Neste apartado se establecerá o réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan.

Para cada liña de subvención determinarase un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do plan, que recollidos periodicamente, permiten coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos (ver anexo I).

Ademais dos indicadores establecidos en cada liña de subvención, no primeiro trimestre de cada ano, coincidindo co período ordinario de tramitación da xustificación das subvencións concedidas, se recompilará a información necesaria para valorar a aplicación do plan, os seus efectos, e as repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da súa aplicación. Esta información versará sobre os aspectos técnicos das propostas subvencionadas e sobre o control económico - financeiro das mesmas.

Se como resultado desta valoración, se detectan liñas de subvencións que non alcanzan o nivel de consecución dos obxectivos desexado, ou non resultan adecuados ao nivel de recursos invertidos, poderán ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes ou, no seu caso, poderán ser eliminadas.

Entre os elementos que se terán en conta atopamos os seguintes:

- Subvencións concedidas, xustificadas, renunciadas ás concedidas, e as reintegradas (ou en proceso de reintegro).
- Grao de cumprimento dos obxectivos e do prazo de consecución.
- Repercusión orzamentaria e financeira que se deriva da aplicación do plan.
- Valoración xeral.
- Suxestións para a elaboración do seguinte plan estratéxico de subvencións.

Cada área ou servizo do Concello de Narón que xestione subvencións será a encargada do seguimento e avaliación do PES no seu ámbito de competencia.

Para non alterar a natureza do PES, como documento integral da actividade subvencional do Concello de Narón, reducirase ao máximo posible as súas modificacións, e estas deberán estar xustificadas e adecuadamente motivadas, aprobadas polo órgano competente.

Non terán a consideración de modificación do PES as modificacións levadas a cabo nas delegacións ou unidades administrativas, os cambios de aplicacións derivados das mesmas, as variacións no importe asignado ás subvencións da liña, nin a inclusión durante a vixencia do PES dunha subvención non contemplada neste PES, sempre que estea debidamente motiva, sen prexuízo da súa inclusión no seguinte PES. Neste sentido, non se contempla no PES aquelas axudas que teñan a súa base nun contexto económico – social – laboral sobrevido e puntual, coa finalidade de paliar situacións adversas que, de non convocarse e concederse, causarían un prexuízo irreparable.

ARTIGO 10.- RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Nesta fase se trasladará o contido dos informes emitidos sobre o resultado da avaliación do PES.

Os indicadores establecidos para cada unha das liñas serán contrastados cos indicadores obtidos no exercicio anterior, e valorarase o mantemento, a modificación ou supresión daquelas liñas de subvención cuxo resultado non sexa o esperado.

ARTIGO 11.- FINANCIAMENTO



NARÓN

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións en caso de concorrencia competitiva, ou, en casos específicos, das ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión, ou o acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e da regra de gasto.

Os custos en cada caso limitáanse á cantidade que anualmente se consignen no orzamento xeral do Concello de Narón. Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gasto superiores ao seu importe e, previo á concesión de calquera tipo de subvención, procederase á tramitación da autorización do gasto correspondente.

As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con achegas suplementarias de fondos doutras Administracións, ou a través das modificacións orzamentarias pertinentes, sempre e cando se prevea na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Doutra banda, no caso de producirse modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha liña de subvención non prevista no presente PES, deberá terse en conta na tramitación do seguinte PES.

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter de anticipo prepagable a xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora de cada subvención, e nas bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención, e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública.

ARTIGO 12.- BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES

Ao obxecto de dar cumprimento ás indicacións do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, cada centro xestor publicará as súas subvencións nesta base.

ARTIGO 13.- USO DO GALEGO

Atendendo ao artigo 7 da Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Narón (BOP nº 121 do 27/06/2023), as campañas publicitarias e de promoción de actividades doutras entidades nas que dalgún xeito colabore o Concello de Narón a través de acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, etc., faranse en galego.

ARTIGO 14.- INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

O Concello de Narón recomenda aos órganos xestores a incorporación nas bases reguladoras das distintas convocatorias de subvencións municipais a integración da perspectiva de xénero na elaboración e execución dos proxectos presentados, de forma que se promovan actuacións que impulsen a igualdade efectiva entre homes e mulleres. En todo caso, se evitará o uso de linguaxe e imaxes sexistas na documentación presentada.

Na elaboración da memoria xustificativa, as entidades subvencionadas presentarán os datos estatísticos das persoas beneficiarias, desagregados por sexo.

ANEXO I

Resumo das liñas de subvención para os anos 2024, 2025, e 2026.

	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	Total
Liña estratéxica 1: Benestar social	274.700,00	274.700,00	269.900,00	819.300,00
Liña estratéxica 2: Sanidade	12.000,00	12.000,00	12.000,00	36.000,00
Liña estratéxica 3: Cooperación no ensino	92.900,00	92.900,00	92.900,00	278.700,00
Liña estratéxica 4: Participación cidadá	37.900,00	37.900,00	37.900,00	113.700,00
Liña estratéxica 5: Promoción económica.	74.500,00	74.500,00	74.500,00	223.500,00
Liña estratéxica 6: Deportes	495.000,00	495.000,00	495.000,00	1.485.000,00
Liña estratéxica 7: Cultura	77.000,00	77.000,00	77.000,00	231.000,00
Total	1.064.000,00	1.064.000,00	1.059.200,00	3.187.200,00

Liña estratéxica 1: Benestar social

Liña estratéxica	Liña 1: Benestar social
------------------	-------------------------

Obxectivo estratéxico	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social. - Fomentar a igualdade efectiva entre as persoas a través da promoción social en xeral. 			
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> - Atender ás persoas con necesidades de subsistencia e persoas sen fogar. - Intervir de forma especializada con persoas en exclusión social. - Cooperar ao desenvolvemento de persoas en exclusión social no exterior. - Apoiar o desenvolvemento psicosocial e educativo de menores e as súas familias. - Apoiar a formación universitaria a través da bonificación do transporte universitario. - Favorecer a integración social das persoas maiores. - Fomentar a promoción social das persoas con diversidade funcional. - Fomentar a igualdade do colectivo feminino. 			
Subvencións incluídas nesta liña				
<i>Aplicación</i>	<i>Liña de subvención</i>	<i>Importe 2024</i>	<i>Importe 2025</i>	<i>Importe 2026</i>
2312.48000	Atención inmediata de persoas con necesidades de subsistencia e persoas sen fogar	56.500,00	56.500,00	56.500,00
2312.48000	Intervención especializada con persoas en exclusión social	42.000,00	42.000,00	42.000,00
2312.48000	Cooperación ao Desenvolvemento	18.000,00	18.000,00	18.000,00
2312.48000	Apoio ao desenvolvemento psicosocial e educativo de menores e as súas familias	36.000,00	36.000,00	36.000,00
3260.47200	Apoio á formación universitaria a través da bonificación do transporte universitario	13.200,00	13.200,00	8.400,00
2312.48000	Apoio a maiores	12.000,00	12.000,00	12.000,00
2312.48000	Apoio á promoción social	92.500,00	92.500,00	92.500,00
2312.48000	Igualdade	4.500,00	4.500,00	4.500,00
	<i>Total</i>	<i>274.700,00</i>	<i>274.700,00</i>	<i>274.700,00</i>

Liña de subvención: Atención inmediata de persoas con necesidades de subsistencia e persoas sen fogar

<i>Liña estratéxica Liña 1: Benestar social</i>							
<i>Liña de subvención</i>							
<i>Atención inmediata de persoas con necesidades de subsistencia e persoas sen fogar</i>							
<i>Área de competencia afectada</i>							
<i>Benestar social</i>							
<i>Sectores cara os que se dirixen as axudas</i>							
<i>As persoas beneficiarias últimas destes programas son as persoas que necesitan dunha atención inmediata relacionada coa subsistencia e as persoas sen fogar. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración, de ser o caso.</i>							
<i>Obxectivos e efectos que se perseguen</i>							
<ul style="list-style-type: none"> - Asegurar que as persoas que necesiten alimentos ou outro tipo de axuda, de modo inmediato, dispoñan dos recursos necesarios. - Manter unha rede de protección adecuada para as persoas sen fogar. - Contribuír a reducir a presión económica nas familias necesitadas a través da bonificación do fornecemento de auga, lixo e rede de sumidoiros, así como das acometidas de auga e rede de sumidoiros na zona rural. - Garantir unha actuación coordinada e eficiente de todos os recursos dispoñibles no municipio. - Efectuar unha asignación racional dos recursos, evitando duplicidades e actuacións fraudulentas. 							
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>							
<i>Os obxectivos sinalados, dada a súa natureza, teñen vocación de permanencia no tempo e así o proba o feito de que os programas obxecto destas subvencións alcanzan unha estabilidade de décadas. Por esta razón, no contexto deste PES, se entende que deben cumprirse durante todo o período da súa vixencia.</i>							
<i>Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento</i>							
<i>Aplicación</i>	<i>Procedemento de concesión</i>	<i>Entidade</i>	<i>Obxecto</i>	<i>Financiamento</i>	<i>2024</i>	<i>2025</i>	<i>2026</i>
2312.48000	Directa	Asociación Dignidad	Programa de atención a persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social.	Orzamento municipal	9.000,00	9.000,00	9.000,00
2312.48000	Directa	Cáritas Diocesana Mondoñedo Ferrol	Programa de atención a persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social.	Orzamento municipal	20.000,00	20.000,00	20.000,00
2312.48000	Directa	Centro de Recursos Solidarios Narón	Programa de atención a persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social.	Orzamento municipal	16.500,00	16.500,00	16.500,00
2312.48000	Directa	Santo Hospital de Caridad Juan Cardona	Programa de atención a persoas que precisen un aloxamento alternativo.	Orzamento municipal	5.000,00	5.000,00	5.000,00
2312.48002	Concurrencia competitiva	Concello de Narón	Axudas para o pago das liquidacións tributarias de acometidas para abastecemento de auga potable e rede de sumidoiros na zona rural	Orzamento municipal	6.000,00	6.000,00	6.000,00
<i>Plan de acción</i>							
<i>O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento dos obxectivos formulados, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento das subvencións con carácter nominativo. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.</i>							
<i>Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).</i>							
<i>As subvencións directas serán aprobadas polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentarán a través dos convenios/acordos de colaboración. As bases reguladoras dos procedementos deberán conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.</i>							

As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual. En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.
Indicadores
<p>Para as subvencións directas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nº de prazas ofertadas - Nº de derivacións desde o Servizo Sociocomunitario Municipal (desagregado por sexo) - Nº de persoas atendidas directamente pola entidade (desagregado por sexo) - Xustificación adecuada (SI/NON) <p>- Renuncia á subvención (SI/NON)</p> <p>- Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON)</p> <p>- Cumpre obxectivos propostos (SI/NON)</p> <p>- Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)</p>
Observacións
As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) Os proxectos están dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; 2) Os proxectos teñen carácter sistémico, participando diversas entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen unha auténtica rede de protección dirixida ao colectivo de referencia e que contribúe a ofrecer a mellor atención ás persoas afectadas. Este traballo en rede permite unha actuación coordinada de intercambio de datos e informacións, con derivacións de persoas usuarias entre os integrantes da rede, segundo a especialización do recurso a aplicar; 3) Os proxectos presentan estabilidade no tempo, necesitando un elevado volume económico para o seu mantemento, principalmente recursos humanos, que son a clave do éxito e consolidación dos proxectos, así como os bos resultados ao longo da súa traxectoria; 4) No caso de Cáritas, colabora á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopan en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Liña de subvención: Intervención especializada con persoas en exclusión social

Liña estratéxica Liña 1: Benestar social							
Liña de subvención							
Intervención especializada con persoas en exclusión social							
Área de competencia afectada							
Benestar social							
Sectores cara os que se dirixen as axudas							
As persoas beneficiarias últimas destes programas son colectivos de persoas que necesitan dunha intervención global que favoreza a súa integración na sociedade. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración, de ser o caso.							
Obxectivos e efectos que se perseguen							
<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a inclusión sociolaboral e formación adaptada. - Fomentar a inclusión educativa. - Fomentar a inclusión sanitaria. - Fomentar a inclusión social. 							
Prazo necesario para a súa concesión							
Os obxectivos sinalados, dada a súa natureza, teñen vocación de permanencia no tempo e así o proba o feito de que o programa obxecto desta subvención alcanza unha estabilidade de máis dunha década. Por esta razón, no contexto deste PES, se entende que deben cumprirse durante todo o período da súa vixencia.							
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
2312.48000	Directa	Acción Familiar Ferrol (AFA)	Programa de intervención especializada con persoas en exclusión social	Orzamento municipal	42.000,00	42.000,00	42.000,00
Plan de acción							
O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento dos obxectivos formulados, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento das							



subvencións con carácter nominativo. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.

Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).

Esta subvención directa será aprobada polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentará a través dun convenio de colaboración.

A base reguladora do procedemento deberá conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.

A subvención directa se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual.

Poderase establecer a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.

Indicadores

- Nº de persoas atendidas
- Nº de derivacións desde o Servizo Sociocomunitario Municipal (desagregado por sexo)
- Nº de persoas atendidas directamente pola entidade (desagregado por sexo)
- Xustificación adecuada (SI/NON)
- Renuncia á subvención (SI/NON)
- Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON)
- Cumpre obxectivos propostos (SI/NON)
- Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)

Observacións

As razóns que xustifican a subvención nominativa é: 1) O proxecto está dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; 2) O proxecto ten carácter sistémico, participando diversas entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen unha auténtica rede de protección dirixida ao colectivo de referencia e que contribúe a ofrecer a mellor atención ás persoas afectadas. Este traballo en rede permite unha actuación coordinada de intercambio de datos e informacións, con derivacións de persoas usuarias entre os integrantes da rede, segundo a especialización do recurso a aplicar; 3) O proxecto presenta estabilidade no tempo, necesitando un elevado volume económico para o seu mantemento, principalmente recursos humanos, que son a clave do éxito e consolidación do proxecto, así como os bos resultados ao longo da súa traxectoria.

Liña de subvención: Cooperación ao Desenvolvemento

Liña estratéxica Liña 1: Benestar social							
Liña de subvención							
Cooperación ao Desenvolvemento							
Área de competencia afectada							
Benestar social							
Sectores cara os que se dirixen as axudas							
As persoas beneficiarias últimas destes programas son as persoas que necesitan dunha atención inmediata relacionada coa subsistencia e a mellora da súa situación persoal. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración, de ser o caso.							
Obxectivos e efectos que se perseguen							
- Posibilitar a estadia de nenos/as estranxeiros en situación de vulneración, a través dun acollemento temporal por familias de Narón.							
- Desenvolver proxectos internacionais de axuda en emerxencia.							
Prazo necesario para a súa concesión							
Os obxectivos sinalados, dada a súa natureza, teñen vocación de permanencia no tempo e así o proba o feito de que os programas obxecto destas subvencións alcanzan unha estabilidade de décadas. Por esta razón, no contexto deste PES, se entende que deben cumprirse durante todo o período da súa vixencia.							
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026

2312.48000	Directa	Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí	Programa de Vacacións en Paz	Orzamento municipal	7.000,00	7.000,00	7.000,00
2312.48000	Directa	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Programa de Axuda de Emerxencia	Orzamento municipal	11.000,00	11.000,00	11.000,00
Plan de acción							
O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento dos obxectivos formulados, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento das subvencións con carácter nominativo. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.							
Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).							
As subvencións directas serán aprobadas polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentarán a través dos convenios/acordos de colaboración. As bases reguladoras dos procedementos deberán conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas. As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual. En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.							
Indicadores							
<ul style="list-style-type: none"> - Nº de prazas ofertadas - Nº de persoas atendidas directamente pola entidade (desagregado por sexo) - Xustificación adecuada (SI/NON) - Renuncia á subvención (SI/NON) - Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON) - Cumpre obxectivos propostos (SI/NON) - Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON) 							
Observacións							
As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) Os proxectos están dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; 2) Os proxectos teñen carácter sistémico, participando diversas entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen unha auténtica rede de protección dirixida ao colectivo de referencia e que contribúe a ofrecer a mellor atención ás persoas afectadas. Este traballo en rede permite unha actuación coordinada de intercambio de datos e informacións, con derivacións de persoas usuarias entre os integrantes da rede, segundo a especialización do recurso a aplicar; 3) Os proxectos presentan estabilidade no tempo, necesitando un elevado volume económico para o seu mantemento, que son a clave do éxito e consolidación dos proxectos, así como os bos resultados ao longo da súa traxectoria.							

Liña de subvención: Apoio ao desenvolvemento psicosocial e educativo de menores e as súas familias

Liña estratéxica Liña 1: Benestar social							
Liña de subvención							
Apoio ao desenvolvemento psicosocial e educativo de menores e as súas familias							
Área de competencia afectada							
Benestar social							
Sectores cara os que se dirixen as axudas							
As persoas beneficiarias últimas destes programas son as persoas que necesitan dunha atención inmediata relacionada co desenvolvemento psicosocial e educativo dos menores e as súas familias. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración, de ser o caso.							
Obxectivos e efectos que se perseguen							
<ul style="list-style-type: none"> - Apoiar, orientar e asesorar a menores que teñen dificultades que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración socio-educativa, así como as súas familias, a través de medidas psico-pedagóxicas e psicoeducativas. - Apoiar ás familias para adquisición de agasallos de nadal, segundo as circunstancias da unidade familiar. 							
Prazo necesario para a súa concesión							
Os obxectivos sinalados, dada a súa natureza, teñen vocación de permanencia no tempo e así o proba o feito de que os programas obxecto destas subvencións alcanzan unha estabilidade de décadas. Por esta razón, no contexto deste PES, se entende que deben cumprirse durante todo o período da súa vixencia.							
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026



2312.48000	Directa	Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais "ASPANEPS"	Programas de atención socioeducativa	Orzamento municipal	21.000,00	21.000,00	21.000,00
2312.48002	Concurrenacia competitiva	Concello de Narón	Axuda para adquisición de agasallo do Nadal	Orzamento municipal	15.000,00	15.000,00	15.000,00

Plan de acción

O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento dos obxectivos formulados, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento das subvencións con carácter nominativo. Ademais, se deberá de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.

Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).

A subvención directa será aprobada polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentará a través dun convenio de colaboración. No caso das subvencións en concurrenacia competitiva, por Resolución de Alcaldía se aprobará a convocatoria pública de acordo coas bases reguladoras, así como o gasto máximo.

As bases reguladoras de ámbolos dous procedementos deberán conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.

As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual. As subvencións en concurrenacia competitiva se porán en práctica no primeiro semestre de cada ano.

No caso da Bonificación da taxa da EIM, aplicarase un desconto segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto na Ordenanza Fiscal nº 18 e no Regulamento das EIMs. A bonificación coincidirá co período de matrícula no primeiro semestre do ano.

En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.

Indicadores

Para as subvencións directas:

- Nº de prazas ofertadas
- Nº de derivacións desde o Servizo Sociocomunitario Municipal (desagregado por sexo)
- Nº de persoas atendidas directamente pola entidade (desagregado por sexo)
- Xustificación adecuada (SI/NON)
- Renuncia á subvención (SI/NON)
- Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON)
- Cumpre obxectivos propostos (SI/NON)
- Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)

Para as subvencións en concurrenacia competitiva:

- Nº de solicitudes (desagregado por sexo)
- Nº de concesións (desagregado por sexo)
- Xustificación adecuada (SI/NON)
- Renuncia á subvención (SI/NON)
- Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON)
- Cumpre obxectivos propostos (SI/NON)
- Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)

Observacións

A razón que xustifican a subvención en concorrència competitiva é que entra dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero" e "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"; 2) O proxecto ten carácter sistémico, participando entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen un referente dirixida ao colectivo de referencia e que contribúe a mellorar a igualdade entre as persoas; 3) O proxecto presenta estabilidade no tempo e sen este recurso económico non sería viable.							

Liña estratéxica 5: Promoción económica.

Liña estratéxica	Liña 5: Promoción económica.
Obxectivo estratéxico	Potenciar o tecido económico do municipio
Obxectivos específicos	Contribuír co empresariado no desenvolvemento económico do municipio. Vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización

económica da comarca de Ferrolterra.				
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
4330.48000	Promoción económica	74.500,00	74.500,00	74.500,00
Total		74.500,00	74.500,00	74.500,00

Liña de subvención: Promoción económica

Liña estratéxica Liña 5: Promoción económica.							
Liña de subvención							
Promoción económica							
Área de competencia afectada							
Infraestruturas e promoción económica							
Sectores cara os que se dirixen as axudas							
As persoas beneficiarias últimas deste programa é a veciñanza que participa das actividades desenvolvidas por distintas asociacións encadradas dentro do termo municipal e Narón. As beneficiarias directas da subvención son as asociacións coas que se establece un convenio de colaboración para o desenvolvemento das actividades.							
Obxectivos e efectos que se perseguen							
Colaborar na difusión de iniciativas e promover a creación de emprego. Contribuír aos gastos de funcionamento das entidades. Contribuír á dinamización e desenvolvemento da zona rural do municipio. Potenciar o desenvolvemento de proxectos empresariais no municipio. Promocionar o comercio local. Vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da comarca de Ferrolterra.							
Prazo necesario para a súa concesión							
Os obxectivos sinalados, dada a súa natureza, teñen vocación de permanencia no tempo. Por esta razón, no contexto deste PES, se entende que deben cumprirse durante todo o período da súa vixencia.							
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
4330.48000	Directa	Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegal (COFER)	Colaborar na difusión de iniciativas e actividades e outras accións que promovan a creación de emprego e o asentamento empresarial no municipio.	Orzamento municipal	13.000,00	13.000,00	13.000,00
4330.48000	Directa	Asociación de Comerciantes de Narón	Promocionar o comercio local e a colaboración entre o mesmo.	Orzamento municipal	13.000,00	13.000,00	13.000,00
4330.48000	Directa	Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal	Desenvolvemento do programa Adiante Narón.	Orzamento municipal	5.000,00	5.000,00	5.000,00
4330.48000	Directa	Asociación de empresarios de Ferrolterra	Promover iniciativas e actividades que promovan a creación de emprego e o asentamento empresarial no municipio	Orzamento municipal	6.000,00	6.000,00	6.000,00
4330.48000	Directa	Asociación Terrarrendible	Contribuír á dinamización e desenvolvemento da zona rural do municipio.	Orzamento municipal	12.000,00	12.000,00	12.000,00
4330.48000	Directa	Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Barallobre	Contribuír aos gastos de funcionamento da entidade.	Orzamento municipal	6.000,00	6.000,00	6.000,00
4330.48000	Directa	Cofradía de Pescadores e Mariscadores de Ferrol	Contribuír aos gastos de funcionamento da entidade.	Orzamento municipal	6.000,00	6.000,00	6.000,00
4330.48000	Directa	EXPONAV	Expoñer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo a construción	Orzamento municipal	10.000,00	10.000,00	10.000,00



			naval e o sector marítimo de España relacionado coa Exposición Nacional da Construción Naval perseguindo unha dinamización económica da comarca de Ferrolterra.				
4330.46200	Directa	Fusquenlla	Contribuír aos gastos de funcionamento da entidade.	Orzamento municipal	3.500,00	3.500,00	3.500,00

Plan de acción

O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento do obxectivo formulado, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento da subvención con carácter nominativo. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.

Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).

A subvención directa será aprobada polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentarán a través dun convenio de colaboración.

As bases reguladoras do convenio deberán conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.

As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual.

En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.

Indicadores

Para as subvencións directas:

Xustificación adecuada (SI/NON)

Renuncia á subvención (SI/NON)

Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON)

Cumpre obxectivos propostos (SI/NON)

Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)

Observacións

As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) Os proxectos están dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero"; 2) Os proxectos teñen carácter sistémico, participando entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen un referente dirixida ao colectivo de referencia e que contribúe a mellorar a igualdade entre as persoas; 3) Os proxectos presentan estabilidade no tempo e sen este recurso económico non sería viable.

No caso da subvención nominativa a EXPONAV, o sistema anterior de cotas non facía viable acadar os obxectivos que se formulan nesta liña estratéxica, polo que procede o cambio a un sistema de subvención nominativa, co que se espera acadar os obxectivos.

Liña estratéxica 6: Deportes

Liña estratéxica	Liña 6: Deportes
Obxectivo estratéxico	Fomento do Deporte en Narón a través de clubs e entidades deportivas
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> - Mantemento das escolas deportivas conveniadas en diferentes disciplinas - Apoio á participación nas competicións a distintos niveis, local, autonómico, estatal. - A organización de eventos deportivos de diferentes disciplinas coa colaboración e participación de clubs e entidades.

Subvencións incluídas nesta liña

Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
3410.48000	Fomento directo da promoción do deporte	415.000,00	415.000,00	415.000,00
3410.48001	Subvencións a asociacións que fomenten o deporte	80.000,00	80.000,00	80.000,00
Total		495.000,00	495.000,00	495.000,00

Liña de subvención: Fomento directo da promoción do deporte

Liña estratéxica Liña 6: Deportes							
Liña de subvención							
Fomento directo da promoción do deporte							
Área de competencia afectada							
Deportes							
Sectores cara os que se dirixen as axudas							
As persoas beneficiarias deste programa son persoas de Narón que realizan actividades deportivas a través de clubs e entidades. Os beneficiarios directos son os Clubs e Agrupacións Deportivas rexistradas no Rexistro de Asociacións do Concello de Narón cos que se establece un Convenio de colaboración para actividade xeral de cada disciplina deportiva.							
Obxectivos e efectos que se perseguen							
Fomento de Deporte e promoción da participación nas diferentes competicións deportivas a nivel, local, autonómico e nacional. Desenvolvemento de actividades deportivas a través de clubs e entidades. Consolidamento e crecemento do sistema deportivo municipal.							
Prazo necesario para a súa concesión							
Os obxectivos fixados teñen permanencia no tempo, polo que deben cumprirse durante todo o período de vixencia do PES.							
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
3410.48000	DIRECTA	Moto Club Fojeteiros	Organización Concentración Moteira	Orzamento Municipal	15.000,00	15.000,00	15.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club A Ferverza F.Sala	Actividade xeral F. Sala feminino	Orzamento Municipal	15.000,00	15.000,00	15.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Arco Narón	Actividade xeral de Tiro con Arco	Orzamento Municipal	18.000,00	18.000,00	18.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Atletismo Narón	Actividade xeral de Atletismo	Orzamento Municipal	33.000,00	33.000,00	33.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Deportivo Narón	Actividade xeral de fútbol	Orzamento Municipal	31.000,00	31.000,00	31.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Piraguismo Narón	Actividade xeral de Piragüismo	Orzamento Municipal	8.000,00	8.000,00	8.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club de Remo Narón	Actividade xeral de Remo	Orzamento Municipal	17.000,00	17.000,00	17.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Tenis de Mesa	Actividade xeral de Tenis de Mesa	Orzamento Municipal	13.000,00	13.000,00	13.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Baloncesto Narón	Actividade xeral de Baloncesto	Orzamento Municipal	30.000,00	30.000,00	30.000,00
3410.48000	DIRECTA	Escola Superior de Kárate de Narón	Actividade xeral de Kárate	Orzamento Municipal	9.000,00	9.000,00	9.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club de Cazadores a Faísca	Organización de Actividade de Silvestrismo	Orzamento Municipal	1.000,00	1.000,00	1.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Acordes Narón	Actividade xeral de ximnasia	Orzamento Municipal	19.000,00	19.000,00	19.000,00
3410.48000	DIRECTA	Sociedade Deportiva O Val	Actividade xeral de Fútbol na Zona rural	Orzamento Municipal	45.000,00	45.000,00	45.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Balonmán Narón	Actividade xeral de Balonmán	Orzamento Municipal	14.000,00	14.000,00	14.000,00
3410.48000	DIRECTA	Escudería Siroco Narón	Desenvolvemento do Rally de Narón	Orzamento Municipal	45.000,00	45.000,00	45.000,00



3410.48000	DIRECTA	Club Cidade de Narón	Actividade xeral de Fútbol Sala	Orzamento Municipal	30.000,00	30.000,00	30.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Narón Volea	Actividade xeral de Voleibol	Orzamento Municipal	16.000,00	16.000,00	16.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club de Golf Campomar	Actividade xeral de Golf	Orzamento Municipal	18.000,00	18.000,00	18.000,00
3410.48000	DIRECTA	A. Deportiva Náutico Narón	Actividade xeral de natación, natación sincronizada e Triatlon	Orzamento Municipal	30.000,00	30.000,00	30.000,00
3410.48000	DIRECTA	Club Baile Deportivo Narón	Actividade xeral de Baile Deportivo	Orzamento Municipal	10.000,00	10.000,00	10.000,00

Plan de acción

Centrase este na avaliación do cumprimento dos obxectivos formulados, e unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento do carácter da subvención con carácter nominativo.

Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).

As subvencións directas serán aprobadas polo Pleno do Concello de Narón para cada exercicio económico e instrumentarase a través de convenios de colaboración coas entidades.

O texto do convenio deberá conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, o R.D. 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei 38/2003, a Lei 9/2007, de 13 de xullo de Subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Narón, así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.

As subvencións nominativas materializaranse dentro dos tres primeiros trimestres do ano e terán vixencia anual.

Ata o momento, non está prevista a coordinación con outras Administracións para este tipo de subvencións nominativas

Indicadores

Nº de equipos e categorías

Nº de participantes por sexo

Licencias deportivas

Desprazamentos do Club ou entidade

Xustificación do proxecto subvencionado (SI/NO)

Reintegro total ou parcial da subvención (SI/NO)

Cumprimento dos obxectivos (SI/NO)

Memoria da actividade realizada

Observacións

As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) O proxecto está dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"; 2) Os proxectos teñen carácter sistémico, participando entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen un referente no ámbito deportivo, dirixida a colectivos de referencia e que contribúen a mellorar os hábitos saudables das persoas participantes; 3) O proxecto presenta estabilidade no tempo e sen este recurso económico non sería viable e implicaría que moitos rapaces e rapazas non puideran seguir practicando deporte.

Liña de subvención: Subvencións a asociacións que fomenten o deporte

Liña estratéxica Liña 6: Deportes

Liña de subvención

Subvencións a asociacións que fomenten o deporte

Área de competencia afectada

Deportes

Sectores cara os que se dirixen as axudas

As persoas beneficiarias deste programa son persoas de Narón que realizan actividades deportivas a través de clubs e entidades.

Por outra parte serían beneficiarios outros clubs e entidades deportivas que solicitan subvencións a través de un proceso de concorrencia competitiva para o desenvolvemento da súa actividade xeral.

Obxectivos e efectos que se perseguen
 Desenvolvemento de actividades deportivas a través de clubs e entidades.
 Consolidación e crecemento do sistema deportivo municipal.

Prazo necesario para a súa concesión
 Os obxectivos fixados teñen permanencia no tempo, polo que deben cumprirse durante todo o período de vixencia do PES.

Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
3410.48001	CONCORRENCIA COMPETITIVA	Concello de Narón	Subvencións a entidades deportivas municipais	Orzamento Municipal	80.000,00	80.000,00	80.000,00

Plan de acción
 O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento do obxectivo formulado, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento da subvención. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.

Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).
 Por Resolución de Alcaldía se aprobará a convocatoria pública da subvención de acordo coas bases reguladoras, así como o gasto máximo.
 As bases reguladoras do procedemento deberá conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.
 Esta subvención se materializará no primeiro trimestre de cada ano e terán unha vixencia anual. Non está previsto a coordinación con outras Administracións.

Indicadores
 Nº de solicitudes
 Nº de concesións
 Xustificación adecuada (SI/NON)
 Renuncia á subvención (SI/NON)
 Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON)
 Cumpre obxectivos propostos (SI/NON)
 Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)

Observacións
 As razóns que xustifican as subvencións de concorrencia competitiva son: 1) O proxecto está dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"; 2) Os proxectos teñen carácter sistémico, participando entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen un referente no ámbito deportivo, dirixida a colectivos de referencia e que contribúen a mellorar os hábitos saudables das persoas participantes; 3) O proxecto presenta estabilidade no tempo e sen este recurso económico non sería viable e implicaría que moitos rapaces e rapazas non puideran seguir practicando deporte.

Liña estratéxica 7: Cultura

Liña estratéxica Liña 7: Cultura				
Obxectivo estratéxico	Desenvolvemento de actividades no ámbito da cultura.			
Obxectivos específicos	Cooperar con distintas entidades culturais no desenvolvemento de actividade culturais			
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
3340.48000	Cultura	16.500,00	16.500,00	16.500,00
3340.48000(OPC)	Actividades do Padroado Cultura	60.500,00	60.500,00	60.500,00
Total		77.000,00	77.000,00	77.000,00

Liña de subvención: Cultura

Liña estratéxica Liña 7: Cultura
Liña de subvención



<i>Cultura</i>							
<i>Área de competencia afectada</i>							
<i>Cultura</i>							
<i>Sectores cara os que se dirixen as axudas</i>							
<i>As persoas beneficiarias últimas deste programa é a veciñanza que participa das actividades desenvolvidas por distintas asociacións encadradas dentro do termo municipal e Narón. As beneficiarias directas da subvención son as asociacións coas que se establece un convenio de colaboración para o desenvolvemento das actividades.</i>							
<i>Obxectivos e efectos que se perseguen</i>							
<i>Colaborar coas entidades culturais no desenvolvemento de actividades culturais. Contar cun local na parroquia de Pedroso no que desenvolver actividades culturais e de lecer programadas polo Concello de Narón Dinamizar a formación musical no municipio de Narón. Favorecer a investigación no eido da Memoria Histórica. Dar a coñecer ciclos de cine non comerciais sobre cuestións de interese social e outros.</i>							
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>							
<i>Os obxectivos sinalados, dada a súa natureza, teñen vocación de permanencia no tempo. Por esta razón, no contexto deste PES, se entende que deben cumprirse durante todo o período da súa vixencia.</i>							
<i>Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento</i>							
<i>Aplicación</i>	<i>Procedemento de concesión</i>	<i>Entidade</i>	<i>Obxecto</i>	<i>Financiamento</i>	<i>2024</i>	<i>2025</i>	<i>2026</i>
3340.48000	Directa	Sociedade Cultural Areosa	Desenvolvemento de actividades no ámbito da cultura.	Orzamento municipal	5.500,00	5.500,00	5.500,00
3340.48000	Directa	Asociación de Veciños O Couto	Desenvolvemento de actividades no ámbito da cultura.	Orzamento municipal	5.500,00	5.500,00	5.500,00
3340.48000	Directa	S.C.R. A Pombiña	Cesión das instalacións da entidade no ámbito da promoción cultural e o desenvolvemento de actividades culturais e de lecer.	Orzamento municipal	5.500,00	5.500,00	5.500,00
<i>Plan de acción</i>							
<i>O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento do obxectivo formulado, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento da subvención con carácter nominativo. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.</i>							
<i>Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).</i>							
<i>A subvención directa será aprobada polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentarán a través dun convenio de colaboración. As bases reguladoras do convenio deberán conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas. As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual. En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.</i>							
<i>Indicadores</i>							
<i>Para as subvencións directas: Nº de prazas ofertadas Nº de persoas atendidas directamente pola entidade (desagregado por sexo) Xustificación adecuada (SI/NON) Renuncia á subvención (SI/NON) Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON) Cumpre obxectivos propostos (SI/NON) Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)</i>							

Observacións

As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) Os proxectos están dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero" e "Promoción da cultura e equipamentos culturais."; 2) Os proxectos teñen carácter sistémico, participando entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen un referente dirixida ao colectivo de referencia e que contribúe a mellorar a igualdade entre as persoas; 3) Os proxectos presentan estabilidade no tempo e sen este recurso económico non sería viable.

Liña de subvención: Actividades do Padroado Cultura

Liña estratéxica Liña 7: Cultura

Liña de subvención

Cultura

Área de competencia afectada

Cultura

Sectores cara os que se dirixen as axudas

As persoas beneficiarias últimas deste programa é a veciñanza que participa das actividades desenvolvidas por distintas asociacións encadradas dentro do termo municipal e Narón. As beneficiarias directas da subvención son as asociacións coas que se establece un convenio de colaboración para o desenvolvemento das actividades.

Obxectivos e efectos que se perseguen

Colaborar coas entidades culturais no desenvolvemento de actividades culturais.

Contar cun local na parroquia de Pedroso no que desenvolver actividades culturais e de lecer programadas polo Concello de Narón.

Dinamizar a formación musical no municipio de Narón.

Favorecer a investigación no eido da Memoria Histórica.

Prazo necesario para a súa concesión

Os obxectivos sinalados, dada a súa natureza, teñen vocación de permanencia no tempo. Por esta razón, no contexto deste PES, se entende que deben cumprirse durante todo o período da súa vixencia.

Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
3340.48000 (P. Cultura)	Directa	Asociación Cultural Sementeira	Cooperación no eido da actividade musical.	Orzamento Padroado de Cultura	56.500,00	56.500,00	56.500,00
3340.48000 (P. Cultura)	Directa	Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica	Investigación relacionada co Memoria Histórica.	Orzamento Padroado de Cultura	1.000,00	1.000,00	1.000,00
3340.48000 (P. Cultura)	Directa	Cine Club Serie B	Proxección ciclos de cine non comercial sobre cuestións de interese social e outros.	Orzamento Padroado de Cultura	3.000,00	3.000,00	3.000,00

Plan de acción

O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento do obxectivo formulado, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento da subvención con carácter nominativo. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.

Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).

A subvención directa será aprobada polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentarán a través dun convenio de colaboración.

As bases reguladoras do convenio deberán conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.

As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual.

En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.

Indicadores

Para as subvencións directas:

- Nº de prazas ofertadas
- Nº de persoas atendidas directamente pola entidade (desagregado por sexo)
- Xustificación adecuada (SI/NON)



- Renuncia á subvención (SI/NON)
- Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON)
- Cumpre obxectivos propostos (SI/NON)
- Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)

Observacións

As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) Os proxectos están dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, "Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero" e "Promoción da cultura e equipamentos culturais."; 2) Os proxectos teñen carácter sistémico, participando entidades cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen un referente dirixida ao colectivo de referencia e que contribúe a mellorar a igualdade entre as persoas; 3) Os proxectos presentan estabilidade no tempo e sen este recurso económico non sería viable.

Logo de ver o informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 18/03/2024(doc aupac SSO18I0PM);A Concelleira Delegada de Participación Cidadá, eleva a proposta para que a Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade, para a aprobación da mesma. E visto o ditame favorable, por maioría, con 5 votos a favor (TEGA) e 6 abstencións (3 PP, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE) da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 21-03-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE SOBRE O PUNTO:

-Sra.Hermida Rico: boas tardes a todos e a todas. Grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, traemos este novo PES, logo de ter rematado o primeiro PES do Concello de Narón do ano 2021-2023 e bueno, o que sabemos é que esta é unha ferramenta que o que pretende é mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións e bueno, normaliza un conxunto de principios e bases de execución comúns para o conxunto das diversas liñas e programas de axuda e subvencións do concello de Narón.

Neste documento están especificadas as diferentes liñas e tamén os obxectivos, ademais das características que establece a lei e a dotación económica inicial prevista. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: boa tarde. Grazas Sra. alcaldesa.

Antes de nada, de comezar con este punto sí que me gustaría, en virtude do Regulamento Orgánico do Concello de Narón pedir ao pleno que se deixara este punto para o seguinte pleno, toda vez detectado que existe unha duplicidade nas subvencións respecto á Confederación de empresarios de Ferrolterra e a Asociación de empresarios de Ferrolterra, toda vez que estas dúas asociacións se fusionaron no mes de novembro do ano pasado, hai que aclarar e visto que remata o prazo o 30 de marzo, hai que aclarar se realmente estes 6.000 euros que se lle van dar a Asociación de empresarios de Ferrolterra van para cofer ou se decide outro destino. Polo demais, analizado o contido, manifestar que nosoutros non estamos conformes con este Plan estratéxico, ímonos abster, de igual forma porque é un plan estratéxico, simplemente afecta aos normativos, non quere decir que o día de mañá se teña que ao final dar os cartos as asociacións que están aí postas pero mencionar a nosa posición contraria neste aspecto.

Por exemplo, se lle dá neste caso, casi 1000 euros á Asociación de recuperación da memoria democrática e nós entendemos que non lles debe corresponder porque temos unha asociación que é a propia de Narón, que é a asociación de memoria histórica que ven participando como é ben coñecido por todo este pleno, homenaxe das velas, que se fai neste concello, tamén nas exposicións que se fan todos os anos, por exemplo, no holocausto de mauthasen. Tamén se está facendo e se colaborou coa exhumación, neste caso, de vítimas franquistas no Val, e incluso se vai facer no vindeiro 6 de abril unha homenaxe á familia Díaz Corral na que participou esta asociación.

Tamén manifestar

-Sra.alcaldesa: só unha cousa que non entedimos. A quen te referías neste último que dis?

-Continúa o Sr.Ulla Rocha: sí, digo que non se entende que como se lle dan 1.000 euros de asignación á Asociación de recuperación da memoria histórica e non se lle dá a unha asociación que é propia de Narón como é a Asociación de memoria democrática. Unha asociación que volvo a reiterar, traballa asiduamente

-Sra.alcaldesa: é a mesma, eh.

-Sr.Ulla Rocha: non, non é a mesma. No, Sra.alcaldesa, non é a mesma. No que teño eu non é a mesma, senón saímos de dúbidas, non se preocupe, se me trabuquei, xa lle pedirei disculpas pero non é a mesma, no.

Así tamén non entendemos como se lle dá a mesma contía á Cofradía de pescadores de Ferrol e á Cofradía de pescadores de Barallobre tendo en conta que a zona xeográfica de afectación propia de Narón corresponde á Cofradía de pescadores de Ferrol, así temos os percebeiros afectados, na zona neste caso, do Val.

Así tamén temos o Couto, e a zona neste caso de marisqueo do Couto e por último o máis importante sobre todo, o tema dos ... que aínda aparecen, o convenio de almozos escolares coas ampas, que saben que radicalmente, que a nosa posición é a contraria a que se siga mantendo vía subvencións e convenios e que ten que ser asumida por este concello. Nada máis, moitas grazas.



-Sra.Ledo Díaz: nada, como ven sendo habitual neste mandato que temos agora as cousas van chegando máis tarde do que desexaríamos e estamos no mes de marzo de 2024 e chegan agora un plan de subvencións e unha serie de axudas de asociacións, de entidades que son máis que necesarias, no.

A nós o que nos preocupa é que este plan sexa xusto e equitativo e agradecemos que se teñan en conta certas subas polas que preguntamos, como no centro de Recursos Solidarios ou a Asociación de Persoas Xordas ou atletismo, bueno, unha serie de subas, en Sementeira tamén se dá e cremos que é necesario que xa se comentou agora que vimos outra vez que chegaba ao pleno no, que había unha partida que baixaban pero que estaba mal anotado, como pode ser o club de balonmán.

Entonces pola nosa banda só indicar eso.

-Sr.Castrillón Permuy: boas tardes a todas e a todos. Grazas Sra.alcaldesa.

Respeto a este Plan Estratéxico de subvencións, nós temos que agradecer que pedimos na Comisión de Igualdade e Servizos Sociais unhas aclaracións, nos chegaron as aclaracións para poder ter un pouquiño as cousas máis claras, e ver por onde ían distintas cantidades que se outorgaban aquí a determinadas asociacións; é dicir, hai unha dúbida aquí que a nós nos sorprende, que é a bonificación ao transporte universitario cando nos din que unha partida é 13.200 euros e cando nos din que no ano 2023 se gastaron entre 2.000 e 3.000 euros. Bueno, pois entendemos que, por qué se pon esa cantidade tan alta cando a realidade é outra moi distinta.

Sabemos que hai a tarxeta xove que ata os 21 anos están subvencionados e polo tanto, é algo que non podemos entender.

E nós viñamos insistindo e o falamos co portavoz en varias ocasións, para decirlle que aumentara a partida para a asociación de Xordos de Ferrolterra negándonos esa posibilidade, cando realmente vemos que sen modificar o global da partida, o global de 1.064.000 euros, que é por anualidade creo que hai formas para poder suplementar esa partida e despois hai outra partida, a partida 3340 4800 que están as actividades culturais con 77.000 euros. Nos sorprende que se temos o Padroado de Cultura onde ten os orzamentos, que ademais o concello lle fai un traspaso de 1.967.000 euros, así está previsto ou así aparece no borrador que temos dos orzamentos, como non se fai toda a actividade cultural dese Padroado tendo eses orzamentos propios tendo unha financiación que se fai dende o concello porque temos que, eu diría que embarullar, no, entonces gustaríanos que tamén nos aclarara esto e a verdade é que nos sorprende que se faga desta forma, no.

Creo que é algo que se debería ter un plan de subvencións de convenios cuns criterios e uns obxectivos claros que o vimos demandando dende moitos anos e ao final temos que cada ano se sube a cantidade, pero que non se fai ningún acordo para intentar mellorar e que ao final esas asociacións, eses clubs e todos estes que fan actividades bueno, pois que teñan acorde ás súas necesidades e acorde tamén aos seus.... Actividades que fan. Eso sería o ideal. Nada máis por agora. Grazas.

-Sra.Hermida Rico: ben, en canto á partida do transporte universitario eso vai a depender en cada ano das solicitudes que poida haber no, polo curso escolar. Pero o tema de que esa cantidade vaia inamovible aí é porque hai un convenio bianual, creo que por 4 anos se non recordo mal, e que hai que renegociar coa Universidade

da Coruña esa cantidade, por eso esa cantidade 13.200 euros ten que ir recollida ata que se chegue a unha modificación de convenio.

En canto as actividades culturais que comentaba...xa lle ven reflexado, unha cousa é que vaia incluída no PES, no Plan Estratéxico de Subvencións porque son subvencións do concello de Narón, pero xa lle pon no cadriño que está na páxina 48-49, xa lle pon que está financiado co orzamento do Padroado da Cultura. Está claro, así como noutros cadriños ven que está financiado polo Concello de Narón, neste caso, esas actividades culturais que concretamente se refiren a 3 convenios se non recordo mal, que son, creo que teño aquí a Asociación Cultural Sementeira, Recuperación da Memoria Histórica e Cine Club que son esa cantidade, e está financiado co orzamento do Padroado da Cultura.

E en canto as subas, bueno, xa o falamos na comisión, todos somos sensibles ás necesidades das entidades, sabemos que hai moitas necesidades e que hai moitas entidades que veñen a sufrir moitas veces o traballo das asociacións e por eso dentro da sensibilidade e tamén do orzamento que xa falamos na comisión bueno, pois temos a sensibilidade e non hai unha desidia política no sentido de que en realidade das posibilidades que podemos bueno, pois aquelas entidades que podemos neste ano, pois facemos unha pequena suba como é a Asociación de Xordos, como é o Centro de Recursos e outras entidades que van a ir recollidas no Plan Estratéxico. E bueno, neste caso paréceme que Afal, Saúde mental, Afa, Aspaneps e creo que Non sei se me esquezo dalgunha en concreto. Creo que nada máis. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Acabo de comprobar, efectivamente, se o que manifesta a Sra.alcaldesa é que a subvención ten que ser para a Asociación Cultural da memoria histórica democrática, loxicamente hai un erro. Porque no expediente que se nos traslada é para a Asociación de recuperación da memoria histórica. É relevante porque unha asociación é de Madrid e outra asociación é de aquí. Se ao final lle queremos dar 1.000 euros a unha asociación de Madrid pois non sei, é unha cuestión que terá que decidir Terra Galega. Pola nosa parte entendemos que no.

E volvemos a insistir en que se ten que retirar este expediente, deixalo enriba da mesa porque polo que vemos non está traballado este expediente. Non está traballado porque nin está actualizado digamos o censo, se nos dá unha duplicidade neste caso, a dúas asociacións empresariais, ACOFER por 3.000 euros e a Asociación de empresarios de Ferrolterra 6.000, unha asociación que xa existe.

Neste mesmo pleno hoxe imos discutir e debatir ampliar a Asociación a Xordos de 4.000 a 9.000 euros e mire, dá a casualidade de que 6.000 nos sobran porque hai unha asociación que xa non existe. Insisto e lle propono ao Pleno, retiremos este expediente, trabállémolo e consensuémololo. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas.

Bueno, sobre as aclaracións, Sra.Natalia, a verdade que se é un convenio de 4 anos, eu creo que se todos os anos está quedando un diñeiro importante como son eses 10.000 euros sen executar creo que habería que solicitar esa modificación de convenio. Creo que levamos varios anos dende que saiu a tarxeta xove que está pasando esto e polo tanto, creo que hai que facer o movemento para que eso se modifique. Eso debería de ser así, no.

E despois referente ao outro que nos quere explicar non poido entender se hai un orzamento no borrador que temos do orzamento, o concello xa transfere ao Padroado 1.967.162,52 € e aquí vemos que temos unhapartida que está dentro dos orzamentos do concello, non están nos orzamentos do Padroado, donde aparecen estas cantidades, 77.000 euros; 16.500 euros Cultura e as actividades do Padroado

de Cultura 60.500, quere dicir que esto está noutra conta, está noutra partida, non está dentro do Padroado.

Que nos dán documentos que non son acordes á realidade, é o que temos nós aquí, eh. Este documento está aquí, están aquí as cifras. Aclarénolo, por favor. Temos o viceinterventor e o secretario que nos podrán aclarar esta cuestión. Porque me sorprende que nos diga unha cousa e nos documentos téñamos outra distinta. Está moi distinta, aquí non me di, esto non me di que esto está 1.967.000 que vai ir ao Padroado, está nunha partida diferente. Mais a partida 3340 4800 e a 3340 4800 OPC. Entónces me gustaría que nos aclarara esa cuestión.

Nada máis pola nosa parte. Moitas grazas.

VOTACIÓN DE QUE QUEDE SOBRE A MESA:

O Concello Pleno, por maioría, acordou tratar este asunto e non acceder á petición do portavoz do PSdeG-PSOE de que quedase esta proposta sobre a mesa, quedando do seguinte xeito a votación:

TEGA: En contra 10

PP: A Favor 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: A Favor 2

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: Abstencións 2

3 °.- PROPOSTA DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS N° 01/2024.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a documentación incorporada ao expediente PRE/6/2024, polo que se tramita o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito n° 01/2024.

Vistos os informes dos distintos departamentos xestores de gastos, que quedan incorporados a este expediente.

Visto o informe proposta do Técnico de Xestión do Servizo de Intervención do 12/03/2024 (PRE18I01X).

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ao orzamento de cada ano os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos ou ingresos feitos dentro do mesmo exercicio orzamentario, tal como establecen os artigos 162 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e os artigos 24 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do título Sexto do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O artigo 26 do Real decreto 500/1990 que regula a temporalidade dos créditos, establece unha excepción ao principio de anualidade, permitindo aplicar aos créditos do orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Despois de ver o informe da Intervención municipal do 12/03/2024 (PRE18I01Y) que emite informe de reparo á aprobación das facturas especificadas no apartado décimo oitavo dese informe, facturas emitidas por Osventos Innovación en Servizos SL (F/2023/7317 e F/2023/7439), en concepto de servizo de limpeza xeral, pequenos traballos de mantemento e servizo de conserxería do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara do mes de outubro de 2023 e do 16 ao 30 de setembro de 2023, respectivamente, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación, o devandito **REPARO** terá **EFFECTOS SUSPENSIVOS** ata que sexa solventado; e fiscalízanse de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación das restantes facturas polos motivos que se especifican nos apartados do décimo a décimo sétimo dese informe.

Despois de ver o informe da administrativa da Sección de Deportes do 12/03/2024 (DEP18I03B), relativo as facturas de Osventos Innovación en Servizos SL (F/2023/7317 e F/2023/7439), en concepto de servizo de limpeza xeral, pequenos traballos de mantemento e servizo de conserxería do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara do mes de outubro de 2023 e do 16 ao 30 de setembro de 2023, respectivamente, cuxo contido literal é o seguinte:

ASUNTO: INFORME DA XEFA SUBSTITUTA DA SECCIÓN DE DEPORTES, EN RELACION COAS FACTURAS DA ENTIDADE OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L., N^{os} DE REXISTRO 2023/7439 E 2023/7317 RESPECTIVAMENTE, AO INFORME DE REPARO CON EFECTOS SUSPENSIVOS QUE LEVOU A CABO A INTERVENTORA XERAL NA FISCALIZACIÓN DE DITAS FACTURAS, CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO E SERVIZO DE CONSERXERÍA DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA GÁNDARA-NARÓN, CORRESPONDENTES AOS PERÍODOS DE FACTURACIÓN DO 16 AO 30 DE SETEMBRO DE 2023, E AO MES DE OUTUBRO DE 2023, RESPECTIVAMENTE.

PRIMEIRO.- En data 12 de marzo de 2024 a Interventora Xeral emitíu un informe de reparo á aprobación entre outras, das facturas emitidas pola empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L., en concepto de servizo limpeza xeral, pequenos traballos de mantemento e servizo de conserxería do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara-Narón, correspondentes aos períodos de facturación do 16 ao 30 de setembro de 2023, e ao mes de outubro de 2023, respectivamente, por importes de 14.783,90 e 29.727,58 € respectivamente, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación. A causa citada para a emisión de dito reparo é que se trata de gastos que responden á prestacións de carácter periódico, polo que debería tramitarse o correspondente procedemento de contratación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer a pública concorrência e obter prezos máis vantaxosos economicamente, tal e como se puxo de manifesto en informes anteriores. Polo tanto, tendo en conta o anterior, estase incumprindo a normativa aplicable en materia de contratación no sector público. Motivo polo cal esta Intervención emite informe de reparo con efectos suspensivos pola omisión de requisitos ou trámites esenciais establecidos pola normativa que resulta de aplicación.

SEGUNDO.- O 11 de agosto de 2020 formalizouse coa empresa Osventos Innovación en Servizos, S.L., o contrato denominado “servizo limpeza xeral, pequenos traballos de mantemento e servizo de conserxería do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara-Narón,” cunha duración de 2 anos, e posibilidade de prórroga ano a ano ata un máximo de dous anos adicionais. Finalizada a 1ª prórroga o día 15 de setembro de 2023, non se levou a cabo a 2ª prórroga do dito contrato, xa que nese momento atópabase a piques de rematar o proceso dunha nova licitación para ese servizo.

Unha vez finalizada a mencionada prórroga, e mentres non se remataba a nova licitación, fíxose necesaria a continuación na prestación do mencionado servizo no CPM da Gándara, debido ao gran volume de actividade que se desenvolve nesta, e poder así manter a dita instalación nunhas condicións axeitadas para que se puidera utilizar polas persoas usuarias inscritas nas diferentes actividades, así como por parte dos clubs e entidades que teñen adxudicado o seu uso.

Tamén hai que ter en conta o feito que existen persoas traballadoras adscritos a este servizo, ás que é necesario subrogar por parte de calquera empresa á que se adxudique o dito contrato, polo que a non prestación do dito servizo supoñería un perxuízo para a estabilidade no emprego do mencionado persoal adscrito.

Como consecuencia desto, e dado os compromisos adquiridos coas persoas usuarias da instalación, así como co seu persoal, e co obxecto de non paralizar a actividade a desenvolver na dita instalación, a citada empresa continuou levando a cabo a mencionada prestación, xa que o departamento de Deportes a considerou adecuada ao ser perfectamente coñecedora do servizo en cuestión, o que tamén favorece a eficiencia na prestación deste.

TERCEIRO.- As mencionadas facturas, por importes de 14.783,90 €, e de 29.727,58 €, corresponden a gastos do ano 2023, que non foron comprometidos, debido a que nos ditos períodos facturados, como xa se indica no parágrafo anterior, o novo contrato, para os traballos citados, estaba aínda en fase de licitación.

Estas foron rexistradas os días 27, e 20 de decembro de 2023, respectivamente, mais non foron debidamente conformadas e aprobadas no exercicio 2023, porque non existía saldo suficiente para facer fronte ao pago destas.

CUARTO.- Ante todo o exposto no parágrafo anterior, e con data 23 de febreiro de 2024, mediante informe ao Departamento de Intervención, solíciouse o recoñecemento extraxudicial, e correspondentes reservas de crédito polos citados importes, para poder levar a cabo o pagamento das ditas facturas.

QUINTO.- A xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello, en virtude do principio de enriquecemento inxusto da administración e aos efectos de non causar prexuízo aos distintos provedores e

prestadores de servizos, debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido.

SEXTO.- Por todo o anterior procede, polo tanto, a efectos de non causar prexuízo á entidade emisora das facturas obxecto deste informe, o pagamento dos importes en cuestión, xa que queda suficientemente acreditada a prestación dos ditos servizos, e que estas facturas son correctas en canto aos importes facturados. Este é o informe que emito, salvo erro ou omisión involuntaria, ou a existencia de calquera outro mellor fundamentado”.

Considerando que a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido, pois ao quedar acreditado debidamente as efectivas prestacións realizadas, xa que as facturas están debidamente conformadas, non pode obviar o pagamento das prestacións recibidas.

Visto o ditame favorable por maioría (cos 5 votos a favor dos membros de Tega, e as abstencións dos representantes do PP -3-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 21-03-2024, o seu presidente propón a aprobación dos acordos seguintes polo pleno do concello:

PRIMEIRO. Levantar o reparo con efectos suspensivos formulado pola Intervención municipal que consta no apartado décimo oitavo do informe do 12/03/2024 (PRE18I01Y), con respecto ás facturas emitidas por Osventos Innovación en Servizos SL (F/2023/7317 e F/2023/7439), en concepto de servizo de limpeza xeral, pequenos traballos de mantemento e servizo de conserxería do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara do mes de outubro de 2023 e do 16 ao 30 de setembro de 2023, respectivamente, por un importe total de 44.511,48 euros.

SEGUNDO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da relación de facturas relativos a gastos realizados nos exercicios 2021, 2022 e 2023 e non aplicados ao orzamento, que ascende á cantidade total de 511.917,59 euros, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias segundo o seguinte detalle:

Nº FRA	DATA	TERCEIRO	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN RC/AD COD. PROX.	Nº ENTRADA OPA
FE23137015576013	09/07/2023	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL, SUR. SDG, S.A.) A65067332	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - P1 (punta) (0.345 kW * 25.383055 Eur/kW y apo * (30/365) dva	25,95 €	1330 22100 220240000959	F/2023/4682 220230029753
FE23137012996924	07/06/2023	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL, SUR. SDG, S.A.) A65067332	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - P1 (punta) (0.345 kW * 25.383055 Eur/kW y apo * (31/365) dva	13,63 €	1330 22100 220240000959	F/2023/4719 220230029754
2. ANOMALÍAS DETECTADAS EN INGRESOS

No exercicio 2023 emitíronse os seguintes informes/notas de reparo que poñen de manifesto diversas anomalías detectadas en materia de ingresos, cuxo detalle é o seguinte:

Nº	DATA	INFORMES/NOTAS DE REPARO ANO 2023	ASUNTO
----	------	--------------------------------------	--------

1	11/05/2023	Nota de reparo en sinatura documento contable I/2023/317 pola contabilización da operación 120230003147.	Texto reparo: “ <i>Con respecto á operación contable 120230003147, a súa contabilización con cargo ao subconcepto económico 39100 (multas por infraccións urbanísticas) é errónea toda vez que as sancións derivadas da aplicación da Ordenanza de residuos e limpeza viaria do Concello de Narón deben contabilizarse con cargo ao subconcepto económico 391.90 (outras multas e sancións. Polo que esta Intervención emite esta nota de reparo en aplicación do que se dispón no artigo 216.1 do TRLRFL e no artigo 9 do Real decreto 424/2017.</i> ”
2	07/08/2023	TES1711O6 (TES/233/2023) Informe conxunto desfavorable Intervención e Tesourería sobre a conta recaudatoria de COSMA do 2º trimestre de 2023.	Conclusión informe: “(...) 1º.- <i>Da análise da conta recadatoria presentadas pola empresa compróbase que non existen saldos inxustificadas, afirmación que se realiza coas advertencias que foron expostas anteriormente en relación coa cantidade de 1,83 € que é obxecto de compensación directa na conta do periodo e que motiva o informe desfavorable da mesma toda vez que dacordo co contrato formalizado á empresa correspóndelle a prestación de servizos de asistencia técnica e colaboración na xestión tributaria e na xestión recadatoria en periodo voluntario da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, e, en xeral, a realización daqueles traballos de colaboración que non impliquen exercicio de autoridade, nin custodia de fondos públicos co fin de acadar a máxima eficacia na cobranza dos tributos, que constituía fonte de financiación da facenda local, xestión recadatoria que, asemade, debe de axustarse ás directrices técnicas aprobadas polo Concello Pleno e que resultan directamente aplicables.</i> (...)”

O Concello Pleno, deuse por enterado.

9 º.- DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO PARA O PERÍODO 2025-2027. –Dase conta da seguinte resolución:

RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO DELEGADO DE FACENDA

ASUNTO: APROBACION DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO PARA O PERÍODO 2025-2027.

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece no seu artigo 29 a obriga da elaboración dun Plan orzamentario a medio prazo que abarcará un período mínimo de tres anos.

A Orde HAP/2105/2012 do 2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 establece no seu artigo 6 a obriga de remisión do plan orzamentario a medio prazo.

No artigo 5 da Orde HAP/2105/2012 conságrase o principio xeral de remisión da Información regulada na mesma a través de medios telemáticos. Ademais, no seu apartado 2 establécese que a información se cumprimentará a través dos modelos elaborados polo Ministerio de Hacienda. En base a este artigo, o citado Ministerio habilitou unha plataforma ao efecto de xeito que para o envío da información se deben cumprimentar uns formularios habilitados na denominada “*Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales*”. Por este motivo, considerouse

adecuado que a elaboración do Plan orzamentario a medio prazo para o período indicado se axustase á estrutura dos anteditos formularios.

En base ao anterior, por esta Concellería se presenta á Intervención municipal o Plan orzamentario a medio prazo desta entidade local para o período indicado de xeito que o contido do Plan se axusta á estrutura en base á cal haberá que remitir a información ao Ministerio de Hacienda, a través dos formularios coas seguintes denominacións:

“F.1. Relación de entidades que que integran la corporación en el período de referencia”.

“F.2.1 Ingresos. Datos económicos consolidados en euros, de las entidades que integran la Corporación (AA.PP.)”.

“F.2.2 Gastos. Datos económicos consolidados en euros, de las entidades que integran la Corporación (AA.PP.)”.

“F.2.3 Saldos, capacidad/necesidad financiación, deuda viva. Datos económicos consolidados en euros, de las entidades que integran la Corporación (AA.PP.)”

Os datos económicos que se aportan son os dos orzamentos consolidados do Concello e do Padroado de Cultura.

Visto o anterior, e vista a delegación de competencias da Alcaldía neste Concelleiro de data 22 de xuño de 2023, no que se delega, entre outras, a aprobación dos plans orzamentarios a medio prazo e das liñas fundamentais do orzamento

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar, en cumprimento do establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira o Plan orzamentario a medio prazo desta entidade local (“Narón Ayuntamiento, 11-15-054-AA-000 e Padroado de Cultura 11-15-054-AV-001”) consolidado para o período 2025-2027, que consta no expediente, composto polos formularios referenciados máis arriba, e sendo o contido en resumo o que se indica de seguido:

DETALLE DE INGRESOS CORRENTES

INGRESOS CORRENTES	Ano 2024 (Est. DRN)	Ano 2025 (Est. P.I.)	Ano 2026 (Est. P.I.)	Ano 2027 (Est. P.I.)
Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	14.046.408,04	14.073.910,07	14.101.550,17	14.129.329,17
Imposto sobre bens inmoables	9.387.662,41	9.403.621,40	9.419.607,60	9.435.620,90
Imposto sobre actividades económicas	1.202.401,66	1.213.944,70	1.225.598,60	1.237.364,30
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	2.271.343,97	2.271.343,97	2.271.343,97	2.271.343,97
Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana	675.000,00	675.000,00	675.000,00	675.000,00
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	510.000,00	510.000,00	510.000,00	510.000,00
Cesión de impostos do estado	0,00	0,00	0,00	0,00
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos	0,00	0,00	0,00	0,00
Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	6.947.600,00	7.137.800,00	7.137.800,00	7.137.800,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	15.426.269,79	15.308.868,70	15.832.639,70	16.382.599,70
Participación en tributos do estado	9.976.593,42	10.475.423,00	10.999.194,00	11.549.154,00
Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)	5.449.676,37	4.833.445,70	4.833.445,70	4.833.445,70
Capítulo 5: Ingresos patrimoniais	77.876,69	77.876,69	77.876,69	77.876,69
Total de ingresos correntes	36.498.154,52	36.598.455,46	37.149.866,56	37.727.605,56

DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL

INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2024 (Est. DRN)	Ano 2025 (Est. P.I.)	Ano 2026 (Est. P.I.)	Ano 2027 (Est. P.I.)
Capítulo 6. Enaxenación de investimentos	0,00	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	635.009,96	635.009,96	635.009,96	635.009,96
Total de ingresos de capital	635.009,96	635.009,96	635.009,96	635.009,96

DETALLE DOS INGRESOS FINANCEIROS

INGRESOS FINANCEIROS	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	Ano 2027
----------------------	----------	----------	----------	----------

	(Est. DRN)	(Est. P.I.)	(Est. P.I.)	(Est. P.I.)
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	90.000,00	90.000,00	90.000,00	90.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	504.568,04	504.568,04	0,00	0,00
Total de ingresos financeiros	594.568,04	594.568,04	90.000,00	90.000,00

DETALLE DE GASTOS CORRENTES

GASTOS CORRENTES	Ano 2024 (Est. ORN)	Ano 2025 (Est. C.I.)	Ano 2026 (Est. C.I.)	Ano 2027 (Est. C.I.)
Capítulo 1: Gastos de persoal	12.161.565,06	12.283.272,62	12.406.105,35	12.530.166,40
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	21.668.126,27	21.668.126,27	21.668.126,27	21.668.126,27
Capítulo 3: Gastos financeiros	43.500,00	63.500,00	63.500,00	63.500,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	2.656.403,95	2.656.403,95	2.656.403,95	2.656.403,95
Capítulo 5: Fondo de contingencia	0,00	0,00	0,00	0,00
Total de gastos correntes	36.529.595,28	36.671.302,84	36.794.135,57	36.918.196,62

DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL

GASTOS DE CAPITAL	Ano 2024 (Est. ORN)	Ano 2025 (Est. C.I.)	Ano 2026 (Est. C.I.)	Ano 2027 (Est. C.I.)
Capítulo 6. Inversións reais	1.108.137,24	916.118,39	736.570,80	1.190.248,75
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
Total de gastos capital	1.108.137,24	916.118,39	736.570,80	1.190.248,75

DETALLE DE GASTOS FINANCIEROS

GASTOS FINANCIEROS	Ano 2024 (Est. ORN)	Ano 2025 (Est. C.I.)	Ano 2026 (Est. C.I.)	Ano 2027 (Est. C.I.)
Capítulo 8. Activos financeiros	90.000,00	90.000,00	90.000,00	90.000,00
Achegas patrimoniais	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros gastos en activos financeiros	90.000,00	90.000,00	90.000,00	90.000,00
Capítulo 9. Pasivos financeiros	0,00	150.612,23	254.170,15	254.170,15
Total de gastos financeiros	90.000,00	240.612,23	334.170,15	334.170,15

Débeda viva a 31/12	2024	2025	2026	2027
	2.890.837,90	2.740.225,67	2.486.055,52	2.231.885,37

SEGUNDO.- Remitir o Plan orzamentario aprobado ao Ministerio de Hacienda polos medios telemáticos habilitados ao efecto e dar conta do mesmo na próxima sesión plenaria ordinaria.

O Concelleiro delegado de Facenda e Novas Tecnoloxías
Román Romero Franco
12-03-2024

Ante min,
(Dou fe da identidade do asinante)
O secretario xeral
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli
12-03-2024

O Concello Pleno, deuse por enterado.

INCIDENCIA:

Marcha o Sr.interventor actal. sendo as 19:35 horas.

10 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE AMPLIACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS XORDAS NO CONCELLO DE NARÓN.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

AMPLIACIÓN DE SERVIZOS PARA AS PERSOAS XORDAS NO CONCELLO DE NARÓN



Dado que o Concello de Narón conta con máis de 39.000 habitantes, son moi diversas as necesidades que o concello, como administración máis próxima á cidadanía, debe atender.

Dentro das diferentes necesidades da veciñanza, non todos os colectivos teñen as mesmas posibilidades de seren eficazmente atendidos. Un claro exemplo constitúeno as persoas xordas, que ven dificultadas moitas das súas demandas cotiás no caso de non contaren cunha persoa que entenda a linguaxe de signos. Sirvan de exemplo actos tan cotiás como acudir ao centro de saúde, área sanitaria Arquitecto Marcide, ao Concello, ir a facer a compra diaria,...

A Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra traballa para mellorar a calidade de vida das persoas xordas a través de accións orientadas a fomentar:

Empoderamento social, dando ás persoas xordas visibilidade e presenza no seo da sociedade, fomentando a súa participación na vida pública, nun proceso multidimensional que inclúe á familia, o grupo, a comunidade, a organización social, as institucións públicas e privadas.

Empoderamento psicolóxico: O benestar psicolóxico a través de accións e actividades que melloren a auto percepción dos individuos respecto as súas propias capacidades, crear vínculos entre as persoas xordas e a súa contorna inmediatea, facilitando o desenvolvemento persoal e eviten o illamento social.

O Partido Popular de Narón presenta esta moción para tratar de conseguir unha ampliación nas prestacións de Servizos Sociais para que se mellore a situación destas persoas. A tal fin, proponlle ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Incrementar ata os NOVE MIL (9.000) EUROS a achega municipal á Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra para fomentar a plena inclusión social das persoas xordas a través do seu empoderamento persoal, e a promoción da Lingua de Signos e a eliminación de barreiras comunicativas.

Narón, 12 de marzo de 2024

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

E visto o ditame DESFAVORABLE, por maioría, con 4 votos a favor (3 PP, 1 PSdeG-PSOE), 2 abstencións do BNG e 5 votos en contra de TEGA da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 21-03-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, dende o grupo do Partido Popular presentamos esta moción para ampliar o servizo ás persoas xordas no Concello de Narón. Un Concello como Narón con máis de 39.000 habitantes, son moi diversas as necesidades que o concello, como administración máis próxima á cidadanía, debe de atender.

Dentro das diferentes necesidades da veciñanza, non todos os colectivos teñen as mesmas posibilidades de seren eficazmente atendidos. Un claro exemplo constitúeno as persoas xordas, que ven dificultadas moitas das súas demandas cotiás no caso de non contaren cunha persoa que entenda a linguaxe de signos. Sirvan de exemplo actos tan cotiás como acudir ao centro de saúde, área sanitaria Arquitecto Marcide, ao Concello, ir a facer a compra diaria,...

A Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra traballa para mellorar a calidade de vida das persoas xordas a través de accións orientadas a fomentar:

Empoderamento social, dando ás persoas xordas visibilidade e presenza no seo da sociedade, fomentando a súa participación na vida pública, nun proceso multidimensional que inclúe á familia, o grupo, a comunidade, a organización social, as institucións públicas e privadas.

Empoderamento psicolóxico: O benestar psicolóxico a través de accións e actividades que melloren a autopercepción dos individuos respecto as súas propias capacidades, crear vínculos entre as persoas xordas e a súa contorna inmediata, facilitando o desenvolvemento persoal que eviten o illamento social.

O Partido Popular de Narón presenta esta moción para tratar de conseguir unha ampliación nas prestacións de Servizos Sociais para que se mellore a situación destas persoas. A tal fin, proponlle ao Pleno a adopción do acordo ao que deu lectura o Sr. secretario.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra. alcaldesa. Como apuntamos no punto 2 en relación ao Plan estratéxico, habida conta de que existen eivas na elaboración, que hai asociacións que xa non están, nesas partidas que sí que estaban presupostadas ou digamos asinadas as asociacións facilmente se poden dar ou incrementar neste caso ao de persoas xordas. Polo tanto, estamos de acordo en que eses servizos se teñen que dar e incrementar esa partida porque non podemos deixar a ninguén atrás. E menos á xente que ten discapacidades.

Polo tanto, pola nosa parte estamos totalmente a favor e é máis cremos que aparte de existir a vontade non pode haber, neste caso por parte de Terra Galega, o alegato adverso en relación de que non existe votación cando realmente había eses cartos previstos para esa asociación empresarial polo tanto, primeiro as persoas antes que as empresas.

-Sra. Ledo Díaz: boa tarde a todas e a todos.

Ben, vou ler o seguinte, entonces eu considero que se debería de tratar dende a mancomunidade facer un convenio de todos os concellos que están dentro da mancomunidade tamén vincular, creo que ademais sería factible vincular a Xunta e a Diputación, como unha axuda social para todas estas persoas que necesitan ese servizo e nós estamos nesa dirección.

E de feito, nós cando estivemos con esa asociación comprometeramos un pouco dende a Mancomunidade se nos correspondía intentar traballar para que esto saíra adiante. E creo que é onde temos que ir. Eu creo que o servizo social que esas persoas necesitan, creo que se debe dar mancomunado polo sentido de que esas persoas se desprazan a outros concellos e que vai ser o que lle dea o servizo cando se despraza un veciño de Narón a outro concello, pois debería estar mancomunado.

Estas palabras non son miñas, son do pleno do 2 de abril do 2023 e despois nunha moción que presentara o Bloque Nacionalista Galego a prol da mellora do convenio coa asociación de persoas xordas de Ferrolterra, que por certo só tivo os votos favorables do Bloque Nacionalista Galego, e onde pedíamos que os 3.000 euros que había de convenio, agora se subiu no plan de subvencións que obrigaba a xustificar a asociación de persoas Xordas non lles obrigara a dividir 3.000 euros en 12 nóminas, en 12 meses, co seu IRPF, coa súa seguridade social, etc.etc. e a nós o que nos decía o Partido Popular que o servizo tiña que estar mancomunado. Ou que incluso a Xunta e Diputación.

Ben, sabemos que esta asociación está prestando servizo que tiña que facer a Xunta de Galicia como é atender ás persoas xordas cando necesitan por exemplo, vir ao



centro de saúde e poder comunicarse co seu ou a súa médico de cabeceira por poñer un exemplo, e moitos outros.

Esa moción non prosperou, sí que é verdade que axudou a que despois cando foi o pago do convenio sí que se lle abriu a má e se lle permitiu a esa asociación ter que xustificalo desa maneira para nós completamente inxusta, mais tamén sabemos que isto se ten que aplicar despois de pedir unha contía de diñeiro.

E nós preguntamos o outro día e volvémoslo a preguntar: cal é o cambio de criterio? Porque nós sabemos das necesidades desa asociación e estou segura que serían uns 9.000 euros moi ben usados anualmente, que por certo aquí neste acordo pode ser anual, pode ser en 3 anos, pode ser en 6 anos ou tal e como se aprobou agora en 2 anos, e un pouco xa están os 9.000 euros porque non se fala como se chega a modificar. Realmente pode ser aprobada e seguir como ata o de agora que é como entendemos nós que vai este acordo, e creo que tamén o Partido Popular o sabe. E se non estou segura que faría o acordo doutra maneira ou poría achega municipal anual ou poría determinado tipo de cousas.

O que sí que sabemos é que esta asociación se dirixiu a todos os grupos cunha proposta moi realista e moi necesaria, como tantas outras asociacións e entidades e nós tamén sabemos que o diñeiro é finito. Entonces tendo en conta que sí hai unha parte desa subida, nós non nos imos negar a que haiba unha suba maior pero sí que pediría que para construír o Narón de todos e todas, pasiño a pasiño avancemos e fagamos política realista, política de verdade e política achegada ás persoas, non acordos que non se teñen porque cumprir, unha vez aprobados, entendendo o que pon, porque realmente o acordo que aparece nesta moción non ven a decir máis nada que poñer unha cantidade, pero non se di nin o tempo en que se vai achegar e consideramos que hai que tratar de igual a igual a todas as asociacións e máis á asociación de persoas xordas que fan un traballo fundamental pola inclusividade. E ademais chócamos porque hai 2 plenos foi o Partido Popular o que non permitiu que se mantivera un diñeiro para unha serie de festas que se fan de maneira xa histórica e tradicional, bueno, o apoio, non quere decir que se fagan as festas porque hai unha que xa se fixo que foi o entroido de Xuvia, ese apoio que estaba prestando o concello e vostedes dixeron que por qué 4 parroquias; pois ben, porque esas 4 parroquias se lles informara que cando se aprobasen os orzamentos que se lles ían a retirar unhas partidas e vostedes dixeron que por que esas e non outras. Entonces nós nos preguntamos tamén, ao mellor tamén teñen resposta por qué esta e non tantas outras que tamén seguro que estabamos de acordo.

É unha cuestión de chegar a acordos, é unha cuestión de facer política e de seguir loitando polos dereitos de todos e todas.

Nós dende logo seguiremos loitando aparte desa moción que presentamos en abril do ano pasado ou do que poidamos apoiar agora seguiremos loitando para que a Xunta de Galicia preste ese servizo fundamental para as persoas xordas do noso país e que fai deixadez de funcións, que non aporta o diñeiro suficiente e cando fala de aportar algo ao final non o dá.

Sí que dá, agora nos enteramos 4 mil millóns de euros de diñeiro a empresas amigas a dedo que todos sabemos o que é. Entoncez preocúpanos eso, igual que volver a reiterar, nós sí que cremos (apunto agora aquí) que o que aprobamos antes das subvencións e asociacións que é necesario aprobalo, que vai con demora e que por esta asociación e por tantas outras e que a partir de aí se pode negociar, se pode mudar pero que é necesario traelo a Pleno e poder facelo. Demorar máis, o único

que faríamos sería quitarlle un diñeiro moi necesario para asociacións e entidades que xa teñen a necesidade que esto fose aprobado, como mínimo no mes de xaneiro. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, creo que é de recoñecer a sensibilidade que ten este grupo de goberno con todas as asociacións sociosanitarias e valorar non só o traballo que fai esta asociación, senón todas as que dalgunha forma fan un traballo exemplar e que axudan a que a xente en Narón viva dun xeito moito mellor.

Pero claro tamén temos que ser serios. Loxicamente esta foi unha das que se falou, por eso é unha das que leva ese incremento. En principio falado con eles e estando de acordo con ese incremento que leva esa partida con respecto ao ano pasado pero claro, cal é o criterio? De repente de 4.000 pasamos a 9.000 e seguramente se facemos unha análise así banal como se pode facer aquí, seguramente todas as asociacións de Narón, lles encantaría recibir máis do 100% de aumento na súa aportación.

Loxicamente dende a oposición é fácil, dende o goberno somos os que temos a responsabilidade de xestionar o orzamento municipal deste concello. Polo tanto, e entendendo que chegamos a un acordo coa asociación do incremento que leva loxicamente, imos votar en contra desto. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Somos conscientes das necesidades desta asociación para cubrir os seus servizos básicos e necesarios para o colectivo de Xordos no noso municipio, vos sodes coñecedores, o goberno, de que están ampliando e aumentando as necesidades e actividades no concello; polo tanto, considero que desde o goberno cun presuposto de máis de 37 millóns de €, creo que para unha asociación e un servizo social como é este, básico deste colectivo, creo que non supón que ademais o vimos no punto 2, como había partidas que se podían modificar e cambiar ata a necesidade de chegar aos 9.000 euros.

Creo que é cuestión de interese por parte do goberno e de querer chegar a acordos e chegar a ese punto, e despois nós non estamos en contra de si o propuxemos e o seguimos decindo, que dende a mancomunidade debería de estar asociado e facer unha aportación á mancomunidade, pero si dende a mancomunidade non se traballa e non se fai ese acordo pois loxicamente teremos que dende os concellos seguir insistindo e seguir financiando, pero creo que aquí temos a vicepresidenta da Mancomunidade que pode levalo á mancomunidade. Eu o propuxen e o digo pero si non se avanza loxicamente, non podemos abandonar estos colectivos que creo que está demostrado que necesitan esa axuda social, e creo que esa asociación está facendo un traballo moi importante en Narón e no resto de concellos. E creo que Narón, un concello que ten máis de 39.000 habitantes, pois hai moitas persoas que teñen esta necesidade. E creo que dende a parte que corresponde debemos de apoiar e intentar financiar esas actividades a esa asociación.

E que a Xunta aporte, por suposto. Que xa o está facendo. E que ten que aportar máis? Por suposto que dende a mancomunidade o xestionen e o fagan e a Diputación tamén por suposto, non estou en contra deso. Agora aquí quedar ben e non querer votar a favor é moi distinto. Pero esta asociación claramente en Narón necesita esa financiación. E está facendo traballos importantes.

E ademais, particularmente, son coñecedor e creo que todos sodes coñecedores do traballo que está facendo esta asociación en Narón e en toda a comarca. Pero eu neste caso, teño que falar de Narón porque dende outros colectivos como pode ser a mancomunidade non se consegue sacar un convenio para os 9 concellos que están



representados alí. E creo e sigo decindo que tamén sería o ideal pero si non hai esa posibilidade, pois teremos que traballar dende Narón para que así sexa. Nada máis e moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, insistir outra vez en que Román apelas á responsabilidade do grupo de goberno como si nosoutros o grupo da oposición foramos irresponsables. No, tamén somos responsables, e tanto é así que somos responsables que vos fiscalizamos e miramos todos os papeis que traedes aquí ao Pleno e detectamos que é unha asociación que xa non existe, e empresarios de Ferrolterra vai levar 6.000 euros. Entonces, que pasa con eses 6.000 euros? Van quedar no limbo? Non llos podemos dar aos Xordos? Non os podemos repartir entre asociacións de Narón? E tamén hoxe levades 1.000 euros a unha asociación de Madrid, cando hai unha asociación que se dedica ao mesmo en Ferrolterra, e que colabora en Ferrolterra.

Entonces mire Sr.Román, antes de lanzar a pedra e apelar a responsabilidade fágaso mirar, eh, vale?

-Sra.Ledo Díaz: claro que vexo a importancia, ademais eu non dixen o que ía votar, e ademais nós estamos en contra deste acordo, por certo, creo que ven contrario e entón vai ter que votar en contra o Partido Popular se quere que saia, xa llo anuncio agora.

Somos conscientes de que a Asociación de persoas Xordas é o único recurso comarcal que teñen para determinadas axudas este colectivo na nosa comarca e insistimos, facendo un traballo moitas veces que tería que realizar a Xunta de Galicia, polas súas propias competencias e polos seus propios recursos que é o que acontece cada vez máis, no, que as asociacións teñen que paliar todo o traballo que non fai o goberno galego.

O que nos preocupa é que se traía un acordo que pode valer para vender algo que logo non ten porque realizarse como eu creo que queren poñer porque repito, este acordo non fala, fala dunha achega municipal de 9.000 euros pero non di en que prazos, nin que termos, nin que tal, ou sexa non di realmente moito. Pero sí que ao mellor era interesante aproveitar e volver a traer un acordo onde se regule un convenio que vai a ser asinado en Narón, que regule como dar ese diñeiro á asociación de persoas xordas que tamén por certo, elas teñen moi claro como debера de realizarse. Eso sería importante, sobre todo, agora que se aprobou un plan de subvencións pois xa comeza a falar de regular. E vostedes si eso non o quixeron votar e tiveron que loitar elas para que cando lles entregaran o diñeiro polo convenio non fóra nos termos sinalados. Entonces, eu pregúntome cal foi o cambio de criterio e creo que nos vamos ir o grupo municipal do BNG tamén sin esa resposta.

-Sr.Romero Franco: non sei como explicar esto. Sábeme mal en qué as veces, se están convertindo os grandes partidos políticos deste concello. Que veñen aquí fachendosos decindo como a verdade absoluta e dándonos leccións aos demais e grazas a estas cousas presumimos de ser Terra Galega e de ser quenés somos.

Vou a ler directamente a mensaxe para que quede claro que ven das fontes directas: *“no hai fusión, de momento ... se ha dado de alta hace varios meses en cofer y forma parte de la confederación. Se ha creado una comisión para valorar aspectos*

jurídicos y económicos de la conveniencia de su integración por absorción en COFER pero de momento se está negociando”

Creo que con esto queda claro. Espero que se teña un pouco máis de criterio e se veña sempre con datos reais, con información, e que non se veña dunha forma tan .. non sei se autoritaria, a decir información que aínda por riba non é real. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, eu creo que o acordo está claro, é dicir, hai un convenio con esta asociación anual e polo tanto, solicitamos que ese convenio anual suba a 9.000 euros. Creo que está clarísimo a proposta que se fai nesta moción.

E tamén creo como dixeran antes, que hai forma de facelo porque efectivamente vimos antes no punto 2, que había partidas que quedaba diñeiro suficiente para poder achegalo.

E de todas formas estamos aínda nos orzamentos e nos orzamentos tamén pode haber unha emenda para modificar este convenio, é dicir, estamos no proceso para poder adaptalo e conseguir que haiba esta.. que se mellore este convenio a esta asociación, que efectivamente está facendo moitísimo traballo en Narón e creo que é un servizo social básico e necesario para as persoas xordas.

Espero e desexo que recapaciten e que voten a favor deste acordo.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: unha cousa que saiu así varias veces. É dicir, que si sobra do punto núm. 2 se pode utilizar aquí, o que quitamos o que poñemos, é dicir, o punto número 2 é un plan estratéxico, é un plan programático, non é un plan que sexa normativo, é dicir, é algo que se pode modificar, un plan de intencións, é así.

E como ben decía, neste caso, o portavoz co que decía con respecto a esas asociacións, é dicir, nós non podemos facer algo con datos que entendemos que son futuro, é dicir, temos que facer algo que é presente. É así.

E a última comunicación que temos, sí que se manifestou e que vimos públicamente que querían facer esa fusión e se se fai evidentemente como digo, este é un plan estratéxico se mudará eso e outra cousa, que apelar a se vostede o fai de boa fe, se atopa algún erro nalgún documento non espere hoxe aquí a traelo, e se actúa de boa fe, podería decilo neste caso nalgúnha comisión ou previamente como noutros casos outros grupos políticos. Neste caso agradezo ao BNG que detectou un erro que había que era de transcripción e evidentemente manifestamos cal era a nosa intención, e polo que fose se confundiron os números e agradezo eso.

Entón se realmente vostede nalgún momento detecta algo que sexa un erro porque neste caso o convenio con memoria histórica democrática non ven ninguén de Madrid a asinalo aquí si non que asina co seu presidente que é do Concello de Narón.

Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, NON aprobou o ditame desfavorable da moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: En contra 6

BNG: En contra 3

PSdeG-PSOE: En contra 2

Queda polo tanto, aprobada esta moción.

11 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DA RECOLLIDA DE PROPOSTAS POR PARTE DA CIDADANÍA PARA A



MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. -

Lida polo secretario xeral a moción que di así: **“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A participación cidadá é un dereito e un deber que temos toda a poboación. A administración máis próxima á veciñanza, os concellos, teñen que promovela e crear as ferramentas e canles para que a participación sexa un feito. Construír unha sociedade plural, democrática e activa é un dos deberes da política municipal.

Para isto, o **Regulamento Municipal de Participación Cidadá** asenta as bases para a intervención activa da veciñanza na vida do concello, sendo preciso que a instancia política fomente a participación a través deste regulamento, xunto coa eficacia, a información e a transparencia na xestión, facendo así do concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar, ao mesmo tempo que ve que ten dereito a facelo. No caso de Narón, esta ferramenta a respecto dos Consellos Territoriais hai tempo que deixou de funcionar e cumprir os obxectivos polos que se creou polo que o xusto é acordar a creación dun regulamento máis útil e necesario para a construción dunha sociedade plural, inclusiva e democrática.

Hoxe na nosa cidade, estase a consultar en todos os consellos territoriais que se están celebrando no 2024 (por iniciativa propia do goberno e da escola de participación cidadá como punto final de debate en cada consello), propostas para uns consellos máis útiles e, a consultas do BNG, para reformular o propio regulamento municipal.

Dos consellos territoriais só poden formar parte, a día de hoxe, representantes de entidades dadas de alta no rexistro do concello e non veciñas e veciños a título individual, algo que están pedindo os integrantes dos mesmos, e que no pasado abrírase a man aínda que no regulamento poña outra cousa e dar a oportunidade a que cada quen poida participar e expoñer as súas inxerencias ou propostas de cara a mellorar a xestión do noso concello. Do mesmo xeito, os plenos, as consultas á cidadanía deberan modificarse para un regulamento que promova de maneira práctica a participación. Un exemplo de avance positivo neste sentido son os plenos por streaming, aprobados hai seis meses mais fai falla seguir a construír e camiñar neste sentido e en diferentes ámbitos.

Hoxe, os consellos territoriais tal e como están formulados, con só asociacións representadas e tratando ás parroquias e barrios por igual; producen na práctica diferenzas entre eles, xa que non se teñen en conta as casuísticas, non se ofrecen orzamentos participativos (nin se levan a todas as parroquias se non que se expoñen nun só consello xeral) e, en definitiva, fai que cada vez máis entidades que representan unha parte importante de veciños e veciñas de Narón e que deben participar, non o fagan pola frustración que lles xera levar demandas que logo non se efectúan ou só unha parte.

Por todo isto, o lóxico é que se utilizase a ferramenta de “Narón Participa” para unha recollida aberta de propostas e que se abra unha consulta pública onde todas as persoas, entidades, asociacións e colectivos puidesen participar de maneira aberta como se vén de facer coa ordenanza das terrazas ou como se fixo con moito éxito de participación no Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel.

POR TODO ISTO, SOLICITAMOS O SEGUINTE ACORDO:

1.- Incluir no plan normativo do ano 2025 a modificación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Narón

2.- Abrir un período de consulta pública previa de recollida de propostas para a modificación do Regulamento de Participación Cidadá desde o rexistro municipal e desde “Narón Participa”, para seren tidas en conta na modificación do Plan Normativo 2025 e dar cumprimento co punto 1 dos acordos desta moción.

Narón, 21 de marzo de 2024

Asdo. Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría, con 6 votos a favor (3 PP, 2 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 5 abstencións de TEGA da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 21-03-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: ben, boa tarde de novo.

Creo que todas e todos sabemos que a Participación Cidadá agora mesmo no Concello de Narón e o seu regulamento é mellorable e a moción é neste sentido. Por un lado, mudar o regulamento actual e por outra, que se abra un período de consultas e de recollida de propostas a través do portal Cidadá e tamén do Rexistro do concello para que calquera veciño ou veciña poida facer unha proposta de cómo debería de ser o regulamento.

E cando decía que non funciona como debera, creo que todas e todos somos conscientes, os que estamos aquí, os distintos grupos municipais o que está a acontecer nos consellos territoriais, que moitas veces hai uns acordos ou hai unhas propostas e non se cumpren, logo chegan as frustracións e só se deixa participar a entidades e asociacións que pode ser necesario en determinadas ocasións, pero tamén se debería de facer assembleas abertas, debería de mirar e promoverse orzamentos participativos e, sobre todo, porque hai que diferenciar tamén entre parroquias e barrios porque por exemplo, un exemplo a parroquia de Doso (igual que outras, eh) pois só ten unha asociación rexistrada, neste caso unha asociación veciñal e nos atopamos no consello territorial con esa asociación veciñal, cos grupos políticos, coa persoa que representa a concelleira de participación e coa persoa de momento da escola de participación cidadá. Eu creo que eso falando, tomando un café coa asociación de veciños ao mellor o grupo xa tiña a información necesaria, pero eso non implica que non haxa unha participación activa nesa parroquia porque seguramente canaliza moi ben nesa asociación e se traballa de diferente maneira nas parroquias, que nos barrios coas persoas que vivimos no centro, que temos outras canles para participar ou incluso temos menos comunidade creada da que deberamos e hai máis individualismo.

Todo eso tense que ter en conta porque Narón é un concello coas súas propias casuísticas e porque ademais a participación cidadá é un dereito que temos todas as veciñas e veciños e que o concello debe de promover para ter unha sociedade máis igualitaria e máis inclusiva.

É un deber que o conxunto do pleno de Narón traballemos nese sentido. Trallemos para que nos plenos cando presentamos mocións con asociacións ou con entidades sexan elas as que podan falar, podamos nós ceder a voz, que poida constar en acta que haxa outra representación e ten que ser na recollida de propostas que ten que ser pública, non só preguntar neses consellos territoriais que poden saír propostas, pero dende logo non dá ao mellor para crear un regulamento, ten que ser determinando os usos desa participación e creando espazos e promovendo con entidades que fan festas, que fan colaboracións, que fan actividades culturais como



poden ser as asociacións veciñais e non retirarlle cartos antes de ter aprobados os orzamentos como xa pasou neste Pleno.

Nós cremos que é o momento de analízalo porque ademais acaba agora a licitación de quen leva agora a escola de participación Cidadá, e tamén hai que plantexarse a utilidade desa escola ou non, e cremos que por isto que xa que hai un acordo de mudar o regulamento para o 2025, que empezamos a recoller propostas e a traballar activamente pola participación cidadá que bueno, xa o seu propio nome indica, no. Que non vaíamos só polo portal de transparencia, que se nos deixe facer propostas sobre as terrazas e non, de cómo queremos participar, colaborar, crear puntos de encontro e ter un espazo público onde todos e todas sexamos iguais en dereitos independentemente da nosa condición social e persoal e de xénero etc.etc.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

A moción hoxe do BNG abre un melón moi importante do que Narón no seu conxunto, o concello de Narón ten unha eiva grande, que é a transparencia e a participación.

Temos un Facebook, o do Concello de Narón que non anuncia nin os plenos, non se colocan os ordes plenarios, que se vai discutir, que é o máis importante que se organiza nun concello e sobre todo, ao final se dá unha información que as veces que tiveren oportunidade de ver as notas que saían dos plenos que se facían aquí en Narón pois é totalmente de parte.

Tanto é así que penso que temos que ir avanzando tamén en modificar como se xestiona o Facebook do Concello de Narón. Dito isto algunha vez incluso dende o administrador do Facebook da páxina de Narón, se contesta e teñen conversas incluso, con veciños e veciñas.

Esas contestacións están ben pero nos gustaría á oposición ter esa información.

Eu penso que a moción do BNG está ben neste caso, traída a colación porque como se lle fixo a pregunta no anterior pleno e non se nos contestou Sra.alcaldesa, respecto á convocatoria de opinión que se fixo, respecto á modificación da ordenanza das terrazas que non se nos contestou, en relación a se se nos ía a dar traslado desa resposta, non se nos contestou.

Tamén manifestar que hai que potenciar as asociacións de veciños. As asociacións de veciños en Narón sempre foron unha peza fundamental do que é o tecido social de Narón. Hai que avanzar en que esas asociacións de veciños sexan participativas e que participen incluso con dotación presupostaria ou participando nos orzamentos. Que non só sexa unha cuestión de que Terra Galega leva alí os orzamentos e lle presenta á asociación de veciños que é o que quere facer.

No, que se poida decidir alí, que teña sentido esas reunións e que teñan sentido máis cando temos unha empresa que nos custa moito carto e aí coincido co BNG en que temos que darlle unha volta se temos que manter unha empresa para que dirixa os debates que podemos ter os concelleiros cos nosos veciños, eu entendo que no, eu entendo que en democracia hai que perderlle medo á xente e hai que falar con ela e temos que ir traballando neso. Por eso veño en ratificar que apoiamos e incluso nos gustaría ir máis alá na moción do BNG e día a día traballar pola transparencia e a participación no Concello de Narón, que fai moita falta.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, en referencia a este punto nós estamos tamén a favor dese modificado do Regulamento municipal de participación cidadá.

Dende o primeiro consello que participei no ano 2019, na parroquia de Pedroso, xa advertín que para nós non era tal participación cidadá, é dicir, onde participan os concelleiros e participan unha asociación de veciños ou dúas e que a xente do pobo que non poida vir e estar alí, e facer as súas propostas e as súas suxerencias entendíamos que eso non era.... A min a concelleira naquel momento, díxome que o regulamento que estaba así, eu soliciteille dende o primeiro día en varias intervencións, todos creo, que de todos os grupos da oposición sempre insistimos en que había que modificar ese regulamento e que creo e considero que é necesario que a xente poida aportar e poida traer as súas suxerencias, as súas queixas e que dende o goberno, dende a oposición pois recibir a esas persoas. Que teñen liberdade para espoñer e para poder facelo.

E despois creo que hai outra parte importante nesto que agora xa Jorge falou antes desto, que creo que debe estar dotado duns orzamentos, é dicir, que claramente se sepa canto se vai destinar a ese consello cidadá, é dicir, se podemos poñer 300.000, 400.000, que se decidan unha serie de obras ou servicios que se van a dotar, e que se vaian acordar deses consellos. Creo que eso é fundamental.

Se queremos ter un tema transparente e que a xente poida entender, que se motive para poder participar porque eso ao final van a propoñer alí 4 cousas ou 5 e eso nunca se leva a cabo ou se o levamos a cabo, pasan 2 ou 3 anos e chegamos ao seguinte consello e desas cousas que falamos non se trae resolución ningunha de cómo se van a solventar. Creo que é algo que dende aquí, dende este momento deberíamos tómallo en conta e cambiar o regulamento. Loxicamente creo que se está avanzando e creo que o Concello de Narón nese sentido debía de ser moito máis transparente cara o cidadá, para ver realmente onde se invisten os fondos públicos.

Nós imos a votar a favor e consideramos que bueno, que é un debate aberto e que teremos que ir plantexando entre todas as propostas para loxicamente mellorar ese regulamento e sacalo adiante. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.alcaldesa: por aclarar, é dicir, o que decía Jorge, se lle respondín ou non lle respondín. Evidentemente dixen que sí e máis que nada que xa ten á súa disposición na plataforma Narón participa para dicir, non teño que entregarlle nada, se vostede entra aí, mire se somos transparentes que calquera cidadá pode ver si se suxeriu. E realmente que falen de falta de transparencia deste concello cando temos un plan normativo onde xa lles dixemos en varias ocasións ou se dixo públicamente que estábamos traballando para que no ano 2025 modificar este regulamento porque entendíamos que as cousas teñen que ir mudando e que nese plan normativo que somos exemplo e envexa de moitos concellos, que moitos cidadáns doutros nos din que sorte teñen os veciños de Narón, que poden facer aportacións con respecto a esas normas que se van a ter en conta para o ano seguinte: é dicir, a verdade é que a veces escoitar aquí, parece que estamos falando doutro concello, é dicir, valoremos o que temos.

E que por favor, de verdade, trasladar esa falta de transparencia e errando na información que se dá eu creo que é moi intencionado. E esa plataforma, como digo, de Narón Participa calquera persoa pode ter esa información de maneira inmediata, é dicir, se a quere consultar agora aquí, falemos do que temos que falar. Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

12 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 6, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.. -Lida

polo secretario xeral a moción que di así: “Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Narón precisa impulso para rehabilitar edificios na zona urbana e casas nas parroquias para as que son vivendas habituais. Así, as reformas poden ir desde peches, fachadas, tellados ou outras necesidades. Ademais das axudas que outorga a Xunta de Galiza, desde os concellos podemos e debemos promover o que se vén denominar “cultura da rehabilitación” porque non hai maior desprotección para as vivendas que o abandono de arranxos necesarios e, cando falamos de vivendas habituais, da saúde mesma das persoas e familias que nelas viven.

O Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) é un imposto de carácter municipal que grava calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza, concedérase esta ou non; e tamén cando se esixa a presentación de declaración responsábel ou comunicación previa, sempre que a súa expedición corresponda ao concello.

A base impositiva deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, entendéndose por tal o custo de execución material da mesma, sendo o tipo de gravame a aplicar en Narón do 3 %.

No Concello de Narón este imposto está regulado na ordenanza fiscal número 6, onde se recollen os suxeitos pasivos obrigados ao pagamento deste imposto, as exencións, bonificacións...

En virtude do artigo 103.1 TRHL permítese que a administración practique a liquidación provisional do ICIO utilizando calquera dos parámetros previstos neste precepto e, en particular, pódese determinar a base impositiva en función dos índices ou módulos establecidos. Ademais, no 103.2 establécense as posibles bonificacións”.

Por todo isto, Narón pode tomar exemplo doutros concellos ao carón e facer bonificacións do ICIO para a rehabilitación de vivendas e promover como cidade, un traballo a prol de rematar co que en Galiza denominamos “feísmo”

POR TODO ISTO, SOLICITAMOS:

1.- “Instar ao goberno municipal a iniciar os trámite para modificar a ordenanza Nº 6 para incluír nas bonificacións a prol das construcións, instalacións e obras o seguinte punto:

- Bonificación do 50 % da cota do imposto cando se trate de rehabilitacións integrais de construcións existentes en calquera tipo de solo que conte con servizos de saneamento, para a súa vivenda habitual, e do 95 % da cota do imposto cando se trate de rehabilitacións integrais de construcións existentes en solos onde non existan servizos de saneamento”.

E visto o ditame favorable por maioría coas abstencións dos representantes de TEGA -5- e PP -3-; e os votos favorables de BNG -2- e PSdG-PSOE -1- na Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 21-03-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

Por min, explico que aínda que o acordo non é exactamente igual, se propón a aprobación do ditame nos mesmos termos.

(Xa se inclúe a emenda que o BNG se fixo a súa propia moción)

DEBATE

-Sr.Carballeira López: boa tarde. Vou a empezar por explicar a emenda que nos fixemos a nós mesmos, no, porque responde básicamente a dúas cuestións. A primeira darlle unha forma máis adecuada cara a cumprir a legalidade, e bueno, é certo que citabamos algún artigo que non se refería exactamente ás bonificacións que logo pretendíamos pedir e bueno, o que si nos chama a atención e collendo un pouco as palabras de Jorge Ulla que decía, que responsables somos, que revisamos todos os papeis á oposición, é certo que me chama a atención que ninguén caera na conta desto ata que nós volvimos a revisar e bueno, supoño que será pola confianza que teñen todos os grupos políticos no traballo do BNG, o cal é de agradecer.

A segunda cuestión é a condición para un voto favorable que nos solicitaba TEGA a través do seu portavoz, na comisión informativa de facenda, nun posicionamento máis claro da moción cara as rehabilitacións integrais, e non sei se recordas, bueno, ten que estar reflectido na acta, no. Entonces bueno, realmente os puntos están claramente dirixidos cara as rehabilitacións integrais e as nomeamos claramente.

Entonces bueno, agora paso a explicar a moción. En Narón temos un problema común e recoñecido na Galiza, que é o chamado feísmo arquitectónico, no, así é como o chamamos aquí. Un problema moi extendido que se acrecenta da década dos 60 e non surxe porque sí, porque sexamos uns chapuzas os galegos, senón por unha serie de causas estudadas como é a forte tradición da construción por temporadas, segundo as necesidades, usando os materiais dispoñibles en cada momento ou dependendo da capacidade económica para adquirilos.

Unha lexislación urbanística tardía, cambiante, imprecisa e errática ao servizo da especulación urbanística en moitos casos que despreza ademais a arquitectura que se viña facendo tradicional galega e a forte dispersión dos núcleos poboacionais que nos caracterizan, o abandono masivo das vivendas por parte da histórica emigración galega a outros países ou grandes cidades deixando núcleos deshabitados completamente no rural.

Porque cando falamos de feísmo urbanístico hai que escapar de pensar unicamente na imaxe de cancelas de somieres ou bañeiras integradas nas fachadas das vivendas que como segundo uso puideron ser bebedeiros para o gado, e como terceiro, pois maceteros para alonxar grandes plantas ornamentais, senón que debemos incluír nesa imaxe a mestura nun mesmo lugar incluso, na mesma edificación de diferentes estilos arquitectónicos, materiais de construción, diferentes adaptacións ás normativas vixentes de cada momento da obra, obras sen rematar etc. Aínda que esta problemática non sexa exclusiva de Narón é certo que non escapamos dela.

Neste concello sumamos ademais a escaseza de edificios con valor patrimonial e a falta de rehabilitación para habitabilidade de moitos dos existentes, e sumamos a decadencia dalgunhas zonas que non podendo competir contra a extrema oferta da especulación inmobiliaria deixaron de ter interese para a demanda da época quedando edificios enteiros baleiros e moitas outras vivendas deshabitadas durante

décadas ou envellecidas por falta de obras de actualización sobre elas. Zonas que precisan xa non de actuacións puntuais desta administración, senón dunha estratexia completa para a revalorización destas zonas, que pasa por ordenar o solo, modernizar o espazo público, dotar dos servizos necesarios, sobre todo no rural e fomentar a rehabilitación das vivendas e edificacións privadas.

Para esta última parte do plan, sabemos que moitas das competencias en materia de vivenda e patrimonio pertencen en gran parte á Xunta de Galicia. Pero ben é certo que o concello de Narón tal e como entendemos o BNG debe usar as súas ferramentas para impulsar o retroceso desta problemática, e como esta administración non pode mercar e arranxar todo o patrimonio e non ten suficientes recursos para subvencionar efectivamente as reformas necesarias nas edificacións, a ferramenta máis acaída é a que nós propoñemos nesta moción. Que é a modificación da ordenanza número 6 reguladora do imposto sobre as construcións e instalacións de obras. Engadindo as modificacións permitidas no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 50% da cota de imposto cando se trate de rehabilitacións integrais de construcións existentes en calquera tipo de solo que conte con servizos de saneamento.

E o 95% da cota do imposto cando se trate de rehabilitacións integrais de construcións existentes en solos onde non existan servizos de saneamento. Se ben é certo que estas bonificacións xa están sendo aplicadas noutros concellos, parte de toda a medida recae na efectividade da difusión que se lle dea.

E por último, nesta moción cabe dicir que non calculamos coas nova bonificacións supoñan ningún descenso considerable de ingresos nas arcas municipais, senón que incluso pode ter un resultado positivo ao final do ano co aumento das obras.

Bueno, esperamos que sexa aprobada por unanimidade aquí no pleno, e agora que engadimos estas modificacións que nos pedía Terra Galega. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: non tiña pensado intervir. Grazas Sra.alcaldesa.

Pero bueno, para contestarlle a Geno por alusións, nós non é que confiemos no BNG, confiemos nas persoas. Sobre todo nas persoas que ten o BNG. E estamos tamén para fiscalizar, o goberno imos a fiscalizar á oposición. Pero bueno, dito esto, manifestar que sí, que hai que ter en conta unha cousa moi clara, que Narón ten os impostos máis altos da comarca. E temos que ir empezando a darlle unha volta a eses impostos, que esos impostos que nacen froito do aillamento ao que nos ten sometido Terra Galega entre outras institucións e administracións.

Entonces ímoslle dando unha volta, imos facer a que os nosos veciños paguen o que teñan que pagar e non paguen o que non teñan que pagar. E sobre todo que non paguen de máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno referente a esta moción da modificación de ordenanza fiscal nº 6, está claro que quen ten que modificar a ordenanza ten que ser realizada o pleno. Nós estamos a favor aínda que diferimos nalgunhas cuestións pero sí que estamos a favor da modificación da ordenanza fiscal e unha vez que se plantexe modificar esa ordenanza fiscal, pois se poderán facer propostas e esto ven un pouco á raíz da moción que se presentou no mes de febreiro polo Partido Popular referente á conservación e mantemento dos edificios históricos e das vivendas no, que creo que é necesario actuar. E creo que o concello ten potestade para poder facelo e para

facen un novo regulamento e nomear un supervisor e un asesor para que determinadas vivendas e edificios se manteñan e se conserven, e loxicamente nós non estamos en contra de que se poida bonificar a determinadas familias de acordo un pouco ao seu poder económico, no, é dicir, eu creo que esa diferenza tamén se debería de ter en conta. Porque loxicamente hai algunha familia que facer unha obra de 12.000 ou 13.000 euros cóstalle moito sacrificio e outras familias que facer unha obra de 50 ou 60.000 euros non lle costa ningún sacrificio. Entón esa é a diferenza que temos que ter. E polo tanto despois estamos vendo que creo, considero, vou poñer unha cifra que eu dixen no pleno anterior que levamos 20 anos de atrasos en non ter controlado e asesorar a determinados veciños e determinados propietarios e especialmente, e vostedes son coñecedores co tema das herdanzas no, o tema da plusvalía. Sabemos o proceso que leva que hai moitas familias que incluso non queren recoñecer esa herdanza que teñen, por motivos económicos.

Non queren saber nada, isto está motivando que vivendas e edificios queden abandonados. Creo que se fixeramos un seguimento dende hai tempo a todo isto, pois posiblemente estaríamos noutra situación e creo que como se dixo aquí, creo que o concello ten armas para poder actuar e para poder facer asesoramento e a ao final, estou convencido de que isto sería unha forma, unha de poñer un municipio ou concello, determinadas zonas máis bonitas e que incluso despois sería unha fonte de recadación para o municipio, e nese sentido creo que teñen que dar un paso adiante e o dixen e o insistín na comisión informativa e esa é a cuestión. Espero que cando toque modificar esta ordenanza fiscal pois podamos chegar a acordos e poder facer unha boa bonificación en beneficio de todos, é dicir, de ambas partes.

Pero si é certo e o dixen e o presentamos en varias cuestións, Narón ten os impostos moi altos e ten que ver como solventar esa problemática en comparación con outros concellos, no. E esa é unha das claves para poder modificar e ordenar determinadas cuestións e determinadas ordenanzas.

Nós votaremos a favor.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, é repetitivo o que se di de que os impostos en Narón son altos, imos poñer un exemplo deste en particular. A última vez que se modificou e se regulou este imposto foi no 2006, que ata o 2014 só se lle incrementou o IPC e a partir daquela está totalmente intacto, o único que se regulou foi precisamente o aumento de modificacións. Falar de que en Narón temos os impostos caros, cando levamos anos coa gran maioría dos nosos impostos sen modificar, creo que non é de todo real.

Por outra parte, cóstanos chegar a entender esta moción. E non sei se me expliquei mal na comisión porque hai varias cousas que cambian na vosa propia emenda. Agora falades de rehabilitacións integrais. Non sei exactamente a que os referides con rehabilitacións integrais, a dúbida que tiñamos era, si unha vivenda quere amañar o seu cuarto de baño, bonificamos o 50%, ou un realmente é a reconstrución dunha vivenda que está en condicións de non habitabilidade, entón temos que rehabilitala. Se quita un concepto que creo realmente que para nós entendíamos que si que era importante, que era de primeira vivenda ou vivenda habitual porque aquí pode chegar un punto de inversións, un promotor ou especulador que de repente chega a unha vivenda e di: "bueno, pois quero o 50% da bonificación ou o 95 si está sin e quero que se me aplique esa bonificación. Entón, creo que non é xusto de todo.



E despois o dixen na comisión e o volvo a repetir, non acabamos de entender o motivo desa bonificación de 50% dunhas vivendas que si dispoñen de servizo de saneamento, doutras que no.

E volvemos a decidir, poderíamos estudialo, poderíamos ver... non estamos de todo en contra nalgún caso moi concreto, pero tal cual ven esta moción así e con este punto modificado e non podemos votar a favor deste e si que propono porque creo que hai unanimidade por parte do Pleno, de poder deixalo enriba da mesa, e darlle unha volta e facer ese punto de traelo ou facelo, de chegar a un acordo para chegar a facer esa modificación, pero deste xeito nós non podemos votar a favor. Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: bueno, eu a verdade penso, creo que queda ben claro no punto que se pide no, fala de rehabilitacións integrais, agora mesmo entendíamos que era o que se nos pedía vamos, eu penso que era bastante claro, era unha pregunta moi.. unha rehabilitación integral me refiro a unha rehabilitación de toda a edificación, non, entendo que é así como se expresa cando te refires a todo, no. Por eso nese aspecto fixemos esta emenda para aclaralo. Creo que con esto debería de quedar.

Despois nós escollimos estes criterios vendo exemplos doutros concellos sabendo que así cumprimos a legalidade. Non falamos de que os impostos señan altos, é certo que este non é dos máis exaxerados que temos en Narón. Sí que pedimos estas bonificacións pero máis como un golpe de efecto. Se se promociona temos que intentar facer algo para que o propietario privado faga estas reformas, no. E axudalos porque a nós nos interesa tamén no concello, que se renoven todas estas vivendas nestas zonas e bueno, nada, o fixemos desta maneira porque sabemos que é legal, un 50% para as obras de rehabilitación integral, en xeral para todo Narón e o que facemos é aumentala ata o 95% nas zonas nas que non existe saneamento basándonos en estudos que hai de plataformas, de arquitectos sobre o feísmo que di que a dispersión dos núcleos é un dos factores claves desta problemática, porque estatisticamente as vivendas máis alonxadas dos núcleos, as máis solitarias o padecen máis. E seguindo o criterio de saneamento que hai en Narón, que bueno, temos escoitado moitas veces que se intenta cubrir o máximo número de casas co mínimo investimento, os que están quedando precisamente sen saneamento son as que están máis dispersas e son as que soen estar máis abandonadas ou usando este tipo de construcións.

Creemos que os criterios están ben traídos e preocupámonos bastante de que cumplan a legalidade e están comprobados noutros concellos. Polo tanto.....

-Sra.Ledo Díaz: hai unha cousa, que o que aparecía no primeiro da emenda, é que nos falta o de “vivenda habitual” quedaría así: “bonificación do 50% da cota de imposto cando se trate de rehabilitacións integrais de construcións existentes en calquera tipo de solo que contén cos servizos de saneamento na súa vivenda habitual”. E logo de 95% as que non teñen saneamento porque consideramos máis que necesario xa que eles non teñen todos os servizos que temos noutras partes do concello que si teñen unha bonificación do 95% as vivendas que non teñen saneamento.

Pero sería en vivenda habitual.

-Sr.Romero Franco: bueno, vou aclarar. Creo que poderíamos deixalo se hai un espírito constructivo que creo que hai por parte do pleno, podemos levalo ao próximo pleno a clarificar de xeito máis concreto cales son este tipo de bonificacións que podemos chegar a facer, ...e ... un espírito constructivo eh, e volvo a repetir, que creo que hai unha unanimidade por parte do pleno, para non chegar a cometer erros que despois podamos ter que arrepentirnos. Entonces volvemos a repetir a solicitude creo que con espírito constructivo. Grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. Unha das cousas que máis nos desune e era eso, de vivenda habitual, é dicir, si que non entendíamos o espírito de tratar de que vivendas que están neste caso, pois en ruína ou que necesiten unha rehabilitación integral, que entendemos que é rehabilitación integral e que se actúe sobre elas. Claro, pero sempre que sexa como vivenda habitual, ata aí estamos de acordo con esa coletilla. Antes sí que non entendíamos porque si evidentemente pode haber afán especulativo e que entendemos que non debería de ser tal...o que sí que non entendemos moito é que ese 95% en relación coas que teñen saneamento ou no porque independentemente de que o teñan ou no, aí tamén vai moito a capacidade económica do promotor, neste caso do propietario que vai a facer esa rehabilitación. E non entendemos que esa diferenza entre uns sitios e outros, é un pouco o que nos alonxa, é dicir, non sei se sobre eso podemos falar porque realmente que diferenza hai, por exemplo, se a vivenda está en San Xiao, que ten saneamento ou se está en Doso, que no. Non entendemos esa diferenza, nada máis. Non sei se eso se pode considerar, se podemos falalo noutro momento máis polo miúdo, ou se queredes aprobalo así. Eso como vexades.

-Sr.Carballeira López: sobre o por que o 95% onde non ten saneamento penso que o expliquei aquí, ahí uns estudos que din que as zonas máis afectadas son os núcleos máis alonxados ou as casas máis solitarias, son os estudos de plataformas de arquitectos, e aquí en Narón polo criterio que se seguiu co saneamento, pois coincide que as que non teñen saneamento, pois son as vivendas de núcleos máis pequenos ou máis alonxados. Temos que englobar dalgunha maneira estes grupos e esta é a que mellor se nos adapta a favorecer as partes máis... máis bueno, menos pobladas. Aparte bueno, tamén se entende que hai unha discriminación de servicios do concello ata estas vivendas e así é unha maneira de compensalo. E as bonificacións do regulamento non permiten dicir a esta persoa sí e a esta persoa no. Entonces nos temos que adaptar a realidade. Despois o espírito constructivo eu penso que o deixamos claro cando cambiamos para poñer rehabilitacións integrais. E sí que é certo que con este cambio non puxemos o da vivenda habitual pero xa o cambiamos agora sen problema ningún, poñemos a coletilla e quedaría claro. Con esto, eu penso que podemos estar todos de acordo non vexo porque hai que deixalo para outro pleno. Estamos cumprindo o que se nos pide.

-Sra.alcaldesa: non é lóxico que eu interveña se me permitides, hai unha cousa, aquí por exemplo, o Val nesta zona ten saneamento, nesta no, limítrofes, é dicir, a un tería unha bonificación de tal e a outro non tanto, é dicir; eso é o que non acabamos de entender. Entendemos o espírito de tratar de axudar a esa xente que quere facer esa rehabilitación integral e apostamos porque en lugar de facer unha vivenda nova que se rehabiliten e que se poñan como ben decías evitando todo ese feísmo dándolle unha segunda oportunidade, eso o entendemos. O outro sí que de verdade non o acabamos de ver ... é dicir, o Val aquí si e aquí non. Entón cremos que é como discriminatorio de uns con respecto a outros.



VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: Abstencións 10

PP: A favor 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

13 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA "MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA E SERVIZOS NA ZONA DE ARRIBA DE FREIXEIRO. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: “**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

**“MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA E SERVIZOS NA ZONA DE ARRIBA DE FREIXEIRO”
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Freixeiro é un barrio do municipio de Narón, que fai de nodo de comunicacións por estrada, AP9 cara a Ferrol e os accesos ao polígono Río do Pozo, estrada AC-566, cara a Valdoviño, Cedeira e pola AC-862 cara a Xuvia, a maiores a liña do ferrocarril de vía estreita, practicamente divide o barrio en dous.

A parte alta que esta á marxe esquerda da estrada AC-566 de dirección a Cedeira, nas últimas décadas co boom inmobiliario pasou a ser unha zona onde conviven vivendas unifamiliares con zonas de construción de edificios como as vivendas de Amenadas. Este crecemento foi bastante irregular motivado principalmente polo investimento privado nas edificacións, o que supuxo un aumento exponencial da poboación, pero os servizos non creceron coa rapidez necesaria estando a seguridade viaria sen actualizar, á nova realidade da zona así como os espazos de lecer e tempo libre.

As veciñas e veciños desa zona levan anos solicitando a través do rexistro e mesmo persoalmente a distintos membros do goberno a mellora da seguridade viaria nas distintas rúas, así como a ampliación e mellora dos xogos do pequeno parque infantil, instalación de xogos biosaudables ao aire libre para permitir aumentar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores, adultos e mesmo novos que practiquen deporte ao aire libre.

Existen queixas na Policía Local da velocidade coa que pasan algúns vehículos polas distintas rúas da zona cando se dirixen a espazos non recomendables por diversas circunstancias. Solicitando estes vecin@s que se coloquen na mesmas pasos de peóns elevados que obrigue a estes vehículos para diminuír a súa velocidade.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos vos representantes públicos desta Corporación e ao voso sentido do deber e dá responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o pleno da corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1- Instar o goberno do Concello de Narón, que instale nas rúas Ponte Píelas, Ponte de Leixa, Torrente Ballester, Manuel Murguía y Bimbieiro, pasos de

peóns con baden a nivel das beirarrúas, para que os condutores dos vehículos teñan que reducir a velocidade, a situación actual esta sendo un perigo para os peóns da devandita zona.

- 2- Instar o Goberno do Concello de Narón, a que instalen máis xogos no parque infantil, así como a instalación dun parque con xogos biosaludables para permitir a mellora do benestar e a calidade de vida das persoas maiores, adultos e mesmo novos que practiquen deporte ao aire libre.

Narón, 15 de marzo de 2024

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular”

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 22-03-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, presentamos esta moción para melloras na seguridade viaria e servizos na zona de arriba de Freixeiro, un barrio que está rodeado por distintas infraestructuras viarias, como é o acceso ao polígono Río do Pozo, estrada AC-566, cara a Valdoviño, Cedeira e pola AC-862 cara a Xuvia, a maiores a liña do ferrocarril de vía estreita, practicamente divide o barrio en dous.

Nas últimas décadas o boom inmobiliario pasou a ser unha zona onde conviven vivendas unifamiliares con zonas de construción de edificios como as vivendas de Amenadás, entre outras. Este crecemento foi bastante irregular motivado principalmente polo investimento privado nas edificacións, o que supuxo un aumento exponencial da poboación, pero os servizos non creceron coa rapidez necesaria estando a seguridade viaria sen actualizar, a nova realidade da zona así como os espazos de lecer e tempo libre.

As veciñas e veciños desa zona levan anos solicitando a través do rexistro e mesmo persoalmente a distintos membros do goberno, a mellora da seguridade viaria nas distintas rúas, así como a ampliación e mellora dos xogos do pequeno parque infantil, instalación de xogos biosaudables ao aire libre para permitir aumentar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores, adultos e mesmo novos que practiquen deporte ao aire libre.

Existen queixas na Policía Local da velocidade coa que pasan algúns vehículos polas distintas rúas da zona cando se dirixen a espazos non recomendables por diversas circunstancias. Solicitando estes vecin@s que se coloquen na mesmas pasos de peóns elevados para que obrigue a estes vehículos para diminuír a súa velocidade.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao voso sentido do deber e dá responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o pleno dá corporación a adopción dos acordos aos que deu lectura o Sr.secretario. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, nos imos votar a favor desta moción. Todo o que sexan melloras o consideramos necesario, así que nos gustaría que se plantexase se é necesario pasos elevados, nalgunhas ocasións non o son, que houbera un estudio integral e mellor porque podemos caer en facer moitas mocións deste tipo, rúas determinadas, rúas específicas pero sí que consideramos que é necesario ter unha visión global do que é Narón e por eso está o plan de mobilidade no que hai que incidir para que se cumpla e ter unha visión do que é necesario. Porque podemos



pedir pasos elevados e ao mellor logo se nos recomenda outro tipo de pasos ou outro tipo de beirarrúa ou outro tipo de cuestións e cremos que a mocion é simple e que ao mellor hai unha intención, que nós imos a votar favorablemente por esa intención, mais que non ven recollido ao mellor como debera para que logo a rúa esté axeitada para que todos e todas podan usala con seguridade tanto as persoas que vaian andando, en bicicleta o mesmo os coches.

-Sr.Castrillón Permuy: bueno, creo que as circunstancias da zona están claras. A maioría das veciñas e veciños lles preocupa como está aquilo e nós o temos claro, pero loxicamente ten que haber uns técnicos que dirán exactamente onde se deben de colocar eses pasos de peóns pero si que son necesarios e ademais témolo clarísimo polas circunstancias que están ocorrendo naquel entorno, e pola demanda especialmente das veciñas e veciños.

É verdade que vivo cerca, vivo exactamente aí, pero sí que teño veciños, teño familia, teño xente do entorno que están preocupados e que levan tempo solicitando estas melloras, e agradecemos que dende o grupo do goberno e dende o grupo da oposición que voten a favor desta moción e que se poidan facer esas melloras o antes posible, pola necesidade que teñen na zona e polas solicitudes que fixeron os veciños durante estes últimos anos.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: como xa dixemos neste caso na Xunta de Portavoces, e comparto o que facían xa público nesa Xunta de Portavoces que agora tamén afirmaba Olaia, é dicir, evidentemente estamos a favor no espírito de tomar medidas con respecto a esa zona se hai problemas de velocidade pero evidentemente serán neste caso os técnicos quenes determinen se teñen que ser pasos sobre elevados, se teñen que ser sinalizacións de stop, neso era no que queríamos que quedase claro e evidentemente tamén estamos a favor porque agora mesmo xa se están instalando, xa hai uns días como me preguntaban no pleno anterior e lle dixen que xa se estaban colocando ese parque biosaudable, pois non imos a votar en contra desta moción. Pasamos a votar. **VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: A favor 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

14 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA O ARRANXO URXENTE DAS DEFICIENCIAS NA QUE SE ATOPAN OS INQUILINOS E PROPIETARIOS DOS BLOQUES DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA DA RÚA GROVE.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdG-PSOE á “INSTAR Á XUNTA DE GALICIA O ARRANXO URXENTE DAS DEFICIENCIAS NA QUE SE ATOPAN OS INQUILINOS E PROPIETARIOS DO DOS BLOQUES DE PROTECCION AUTONÓMICA DA RÚA GROVE”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Uns 300 dos nosos veciños e veciñas aloxados nos bloques da Rúa Grove están a sufrir cascadas de auga cada vez que chove o que lles ocasiona nas súas vivendas humidades, goteiras, fungos, estragos na roupa, mobles estragados sen que a construtora proceda ao seu arranxo.

O significativo do problema dos nosos veciños e veciñas é que o edificio é de protección autonómica e polo tanto é a Xunta de Galicia a que ten a obriga de actuar e esixir á construtora o arranxo.

Ante tales circunstancias, nas que literalmente lles chove dentro da casa, os veciños e veciñas non poden agardar a que dende a Xunta de Galicia se requira á construtora senón debe actuar directamente e arranxar o edificio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que requira á empresa responsable desta promoción de vivendas de protección autonómica o arranxo das deficiencias destas vivendas que se atopan nos bloques da Rúa Grove do Concello de Narón a fin de que se garanta a estanquidade a se proceda ó arranxo dos estragos causados nas vivendas.

Narón a 22 de marzo de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 22-03-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, vimos de presentar esta moción habida conta do que aconteceu recentemente cos nosos veciños da rúa Grove, duns bloques que foron construídos neste caso con axudas da Xunta de Galicia e que a día de hoxe teñen alugueiros neste caso para a xente.

A Xunta de Galicia parece que se esquece de Narón, e se esqueceu de 300 veciños que a día de hoxe, non é que lles choiva na casa, e que a día de hoxe teñen un río na casa.

Vimos as imaxes na prensa nacional, en concreto creo que foi na Sexta, onde os nosos veciños decían e explicaban como esa choiva que lles entra failles que teñan que estar todo o día con deshumidificadores. Destrágalles a roupa, destrágalles a pintura, destrágalles os mobeis e a construtora non fai nada, eso sí, a Xunta de Galicia acórdase sempre de subirlles o alugueiro. Para eso sempre se acorda. Este



Pleno o que ten que facer é instarlle á Xunta e ir alí se compre e é necesario para que lle diga á constructora que o seu día beneficiouse de axudas de todos os galegos e galegas e de todos os naroneses e naronesas para facer eses edificios a que asegure a estanqueidade deses edificios. Non pode ser que unhas vivendas de Narón que non teñen máis de 20 anos, que teñan ese problema de humidade como teñen. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: si, ben, eu creo que esta moción podía ser incluso Declaración Institucional porque estabamos os 4 grupos políticos de acordo en que a situación que están vivindo as persoas que viven nese edificio non é o axeitado nin tampouco digno e que hai que asegurar, pero sí que é verdade que é xa un problema maior que non só acontece en Narón senón que un problema de país que é o problema de non ter vivenda protexida autonómica.

Nos longos 15 anos que leva o Partido Popular en alugueiro puxo unha vivenda e creo que foron 38 de protección autonómica. Ese é o grave problema porque hai 16.500 persoas demandantes de vivenda pública e prometeron por certo, na campaña electoral uff, millóns de cousas que de sobras sabemos que non van cumprir, pero aí estaremos para que en 4 anos, sí se poidan aplicar todas esas medidas porque está claro que o que fai a Xunta de Galicia coa vivenda e coas persoas é un grave problema, e é un grave problema porque a día de hoxe o número de hipotecas baixou moitísimo porque a xente que pide unha vivenda de protección económica ten esa necesidade e temos un grave problema de acceso a vivenda en Narón, pero tamén temos un grande número de pisos baleiros e para eso ten que estar a Xunta de Galicia e por eso esta emenda, esta moción tamén ten todo o seu sentido porque resulta que aínda por riba das poucas vivendas que hai de protección autonómica bueno e en Narón podemos botar moitos anos atrás para ver as que se fixeron e están nas condicións nas que están porque os propios materiais ..porque a propia constructora que fixo esas vivendas non o fixo nin como debera se non é pensando só na riqueza e cando decía do problema grave que temos é un exemplo. O ano pasado reduciuse o número de hipotecas no noso país un 38,2% en Narón casi un 40% , un pouquiño máis un 39 e pico% ou sexa , a xente non ten capacidade agora para acceder a unha vivenda e cando xa a ten resulta que son nas condicións indignas como acontece nesta edificación. Por eso digo que esta moción trae un problema de fondo e un problema estrutural de Narón e deste país que se debe de solucionar con política. Non con negocio, porque na política estamos para traballar e mellorar a vida da xente, non para facer negocios como parece que pasou con estes edificios.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, estando de acordo na proposta que se fixo que se modificou na Xunta de Portavoces, o que está claro é que creo que debía de haber unhas dilixenciasdende o concello non se fixo ningunha dilixencia de investigación coa policía ou cos técnicos para ver como está porque sí é certo que hai un responsable que será a constructora pero tamén habrá algúns propietarios que teremos que ver tras saber cales son os motivos e por que. Porque creo que aquí se están desviando un pouco as circunstancias do que se refire esta moción que está referindo a un edificio que ten unhas entradas de auga, e que debemos de analizar e cuestionar cal é a problemática e de onde saiu esa problemática. Loxicamente que si que a Xunta lle

requira á empresa que acometa as obras que corresponde, por suposto que estamos a favor e que estaremos a favor.

E nada máis. Grazas.

-Sra.alcaldesa: non sei a proposta de que se convirta en Declaración Institucional, se a aceptamos, se queredes ou non queredes. Quen ten que decidir un pouco eres ti porque é a túa moción (referíndose ao Sr.Ulla).

O que fai referencia o concello sí que fixo unha comunicación e creo recordar-igual erro no día- non sei se foi o mesmo día despois da Xunta de Portavoces ou o día seguinte, pero sí que xa se fixo ese requerimento.

O Concello Pleno, por asentemento, acordou facer desta moción unha **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**.

15 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE RECLAMANDO A "MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE NARÓN PARA ADAPTALO AO PROXECTO DA EXCMA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DO FEAL (DP-

5407). -Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando a “MODIFICACION PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE NARON PARA ADAPTALO AO PROXECTO DA EXCMA. DEPUTACION DA CORUÑA DE AMPLIACION E MELLORA DA ESTRADA DO FEAL (DP-5407)”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Unha das vías con maior risco para as persoas do nosos concello é a DP-5407 coñecida como Estrada do Feal.

O risco ven ocasionado pola alta densidade do tráfico de vehículos, que en moitos casos, ven dado polo tránsito de camións e vehículos pesados. A iso súmase que dita vía adoce de beirarrúas pola que poidan circular os numerosos veciños e veciñas que habitan esa zona.

Froito deses riscos, a Deputación da Coruña redactou no ano 2017 un proxecto de ampliación e mellora da DP-5407 que permitiría mellorar a seguridade viaria da estrada. Pola contra, o proxecto non poido executarse xa que o PXOM actual non permitía a súa execución.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:



1.- Instar ao goberno municipal a que tralos trámites legais pertinentes elabore modificación puntual do PXOM do Concello de Narón para adaptalo ao proxecto da Excma. Deputación da Coruña de Ampliación e Mellora da Estrada do Feal (DP-5407).

2.- Instar á Excma. Deputación da Coruña a que trala modificación do PXOM para a adaptación do proxecto, se proceda á actualización e execución do proxecto de Ampliación e Mellora da Estrada do Feal (DP-5407)”.’

E visto o ditame Desfavorable por maioría – polo xogo do voto ponderado- (cos votos en contra de TEGA -2-; a abstención do portavoz do PP; e os votos a favor das portavoces de BNG e PSdG-PSOE) da Xunta de Portavoces de data 22-03-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Os representantes, que estamos hoxe aquí presentes, dos veciños e veciñas temos unha obriga, por eso nos presentamos e concurrimos a unhas eleccións e é unha obriga moral cos nosos veciños e veciñas, unha obriga de buscar e atopar solucións. Buscar solucións aos problemas reais e concretos. Os que atinxen o día a día á xente. O que non estamos é para buscar problemas. E xerar problemas. Na Estrada do Feal a día de hoxe temos un problema serio. Un problema de seguridade que afecta tanto aos veciños e ás veciñas como neste caso ao tránsito de vehículos, tránsito de vehículos porque por alí transitan a cotío vehículos pesados, camións para que nos entendamos. Camións da basura, camións que van dende o polígono ata Megasa, camións que pasan en moitas ocasións a gran velocidade, camións de dimensións que moitas veces ocupan todo o trazado da vía, bueno, pois froito desa necesidade a Diputación da Coruña, no ano 2017, elaborou un proxecto de ampliación e mellora do vial, da estrada do Feal. É máis, lembro que no seu día, incluso vostede acudiu a Coruña ao despacho e trasladou que era unha urxencia, que era unha urxencia facer a estrada do Feal. Pero que aconteceu? Aconteceu que ese proxecto de ampliación e mellora non se axustaba ao noso PXOM. Un PXOM que leva, máis de 20 anos. Ese PXOM xa estaba en contra de moita normativa que foi aprobada posterior, como por exemplo, de Augas de Galicia. Bueno, pois o que acontece é que por parte dos nosos representantes, neste caso, do goberno de Terra Galega en vez de asumir unha competencia como así lle atribúe o artigo 25.2 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local onde di que “ a competencia de urbanismo é unha competencia propia e exclusiva do concello” e estamos falando dun concello de 40.000 habitantes, pois en vez de facer unha modificación puntual no ano 2017 para que os veciños e veciñas afectados da estrada do Feal, puideran ver mellorada a súa vida, optou porque a Deputación da Coruña, levase á Xunta de Galicia, a modificación da estrada do Feal, para poder executar o plan. Paréceme increíble hoxe que tan en boga está de falar de competencias municipais, de asumir competencias impropias como é o servizo de madrugadores, que unha competencia propia e específica como é a de Urbanismo que non se asuma por parte do concello. Mire, se o problema é que non hai persoal, se contrata persoal. Se o problema é que o persoal está saturado e que temos que acudir a unha asesoría externa puntual

técnica, imos. Pero o que temos que facer é solucionarlle a vida á xente e o que non podemos facer, é un discurso victimista de confrontación entre administracións, que é o que sempre está a facer Terra Galega. Tapar as súas vergoñas imputándolle culpas a outros que neste caso son propias, de Terra Galega. Sí Sra.alcaldesa, xa sei que asinte porque me dá a razón. Son culpa de vostede, culpa do seu goberno que leva dende o ano 2017 cun proxecto no caixón e leva decindo que é por culpa da Diputación da Coruña cando a Diputación da Coruña o que fixo foi redactar o proxecto e comprometer 1.400.000 euros para executar esa obra.

E agora traemos esta moción e traémola porque nosoutros estamos nesta lexislatura, non estivemos no 2017. E as persoas que conforman este grupo, pero si estiveramos daquela sí que o exisiriamos e se faría.

E agora como estamos elaborando o novo PXOM, plantéxasenos de decir “bueno, agora estamos elaborando o novo PXOM, agora podemos meter ese proxecto nese novo PXOM e unha vez aprobado xa a Diputación que pague. Bueno, pois me parecería ben Sra.alcaldesa. Ata me parecería lóxico. Pero temos un problema. Que un PXOM novo como é o Concello de Narón, a súa aprobación definitiva, vai estar lonxe dos 3 anos. E unha modificación puntual aínda que sí leva tempo se temos a vontade de todos os representantes, facémola e aprobámola aínda que sexa nun pleno extraordinario, por que? Porque son os nosos veciños. Facémolo. O que pasa é que o problema se chama vontade. Vontade política. Eu cheguei a pensar, espero estar equivocado Sra.alcaldesa, cheguei a pensar que realmente Terra Galega quere que a Diputación non faga carreteras en Narón. De verdade porque penso que lle vai ben. Ese discurso de “la culpa es de la Diputación” . “la culpa es de la Xunta”. A culpa sempre é de todo o mundo menos de Terra Galega. O veciño que está aí o que quere son solucións. O que quere é poder pasear ao lado do vial sen que teña medo a que lle poida neste caso, a atopar un camiión. Entonces respóndame Sra.alcaldesa.

Unha modificación puntual do PXOM, se pode executar o proxecto da Diputación? Contésteme. Non enganemos máis á xente. Diga si sí ou se non. Se pode facer? Si. Xa sei, xa terá turno de palabra Román e xa che darei réplica, non te preocupes.

Por eso compre a día de hoxe axilizar esta medida e facela xa. E ímola a facer xa e que saia aprobada. Que é o que temos que facer.

-Sra.Ledo Díaz: ben, nós que votamos a favor desta moción xunto co PSOE na Xunta de Portavoces é porque consideramos ben sexa na modificación do futuro PXOM ou sexa tal... ten que realizarse. Tamén dígovos como aconteceu na anterior moción do Partido Popular que cos acordos non quere decir que se faga agora, senón que pode ser coa modificación do novo PXOM porque non se explica a maneira de ter que levar a cabo este acordo. Sí que me preocupa que a Diputación que é verdade que o de estradas non ten porque ir nos orzamentos, porque aquí tamén prometimos certas cousas e certas melloras na estrada de San Xiao e noutras e se falou cos veciños e veciñas que nos preguntamos porque nós sí que estamos na Diputación e todavía non está ese proxecto enriba da mesa nunha responsabilidade do partido socialista, neste caso, é verdade que eso se pode cambiar en calquera momento e poden decidir en febreiro e en marzo ou abril, esas promesas para certas estradas como a do Trece que se modifiquen, que sexa, pero esto xa se falou e aínda non está enriba da mesa por parte do partido socialista da Diputación.

Preocúpanos que aquí non se faga pero preocúpanos tamén que aquí se diga unha cousa e onde se ten que facer non se esté a realizar. Todo sexa dito.

De todas maneiras consideramos que isto é necesario, que está ben que haxa este proxecto e que sexa aprobado con premura, así que tamén entendemos que traían esta moción aquí. Pero bueno, hai que ir aos feitos.



-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, referente a esta estrada ven arrastrando dende o ano 2011 que temos coñecemento que se comezou con esta problemática de intentar solventar a accesibilidade desa estrada no. É certo que no noso grupo no ano 2021, no pleno de xaneiro que presentamos unha moción onde se incluía esta estrada a DP 5407 e recolleramos tamén información de veciños que nos achegaban que se necesitaba modificar e adaptar a estrada polo tema de seguridade vial, tema de alumado e todo o que conleva a seguridade no.

E lle pedimos nunha moción que se presentou con esa e con varias estradas máis, lle pedimos ao concello que solicitara á Diputación cunha breve memoria que se fixeran esas estradas e é verdade que non temos coñecemento ou á Diputación non chegou esa solicitude por parte do Concello de Narón.

Despois presentamos tamén un rogo, xa no 2020, solicitándolle ao concello que fixera esa solicitude e esa modificación e polo tanto, consideramos que é necesario. Ben é certo como dixen na Xunta de Portavoces, que se está coa aprobación inicial do PXOM, pero non descartamos que poidan ir paralelamente a aprobación inicial e paralelamente a modificación puntual. E se a aprobación inicial non se axiliza, levamos 3 meses esperando, Sra.alcaldesa, é que a min tamén me sorprende que teñamos que esperar 3 meses para a aprobación inicial. Eu creo que todos os grupos estamos a favorecer esa aprobación inicial para que o conxunto da cidadanía de Narón sexa coñecedor e poida alegar porque despois a exposición pública son 2 meses e que poida alegar para facer a aprobación provisional e poder adaptar o PXOM para que se poida facer esa estrada. Pero si nos imos a retrasar como se comenta, oie, pois haberá que facer a modificación puntual.

Nós si que neste caso consideramos que como as dúas actuacións poden ser paralelas e creía que o Sr. do PSOE ía a modificar ese punto, non o modificou pero consideramos que as 2 opcións poden ser paralelas, imos votar a favor porque somos conscientes desa necesidade, e somos conscientes que hai moitos veciños que levan moitos anos reclamando esta situación e a verdade por 2 zonas concretas que non se poida actualizar e facer ese proxecto creo que é unha pena e ademais eu incluso insistiría, é dicir, se hai posibilidade de facer unha expropiación, que haberá que facer algunha expropiación para actuar, pois creo que se debería de facer, no.

E para axilizar dunha vez por todas co compromiso da Diputación porque nós tamén presentamos este rogo na Diputación e a verdade é que tampouco tivemos contestación de axilizar ese tema, pero bueno, creo que estamos agora noutra situación, creo que se quere pola parte tamén que ten posibilidades de mover na Diputación pois mover o tema e loxicamente non podemos desaproveitar esa oportunidade, temos que aproveitala para que saia adiante. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, dúas aclaracións moi importantes. Primeira aclaración: unha modificación puntual co resultado do equipo redactor do PXOM que temos actualmente dinos que o prazo estipulado sería de 32,5 meses. Se alguén quere os detalles dos trámites administrativos que hai que facer e as prórrogas e os prazos que condicionan esta modificación puntual porque aínda por riba ten un inconveniente a maiores, que está afectado por Costas.

Con respecto a estas modificacións puntuais que nos plantexa de vez en cando a Diputación, temos moi mala experiencia. No ano 2010 se fixo unha modificación puntual da Estrada de San Xiao co compromiso da Diputación de que ía a facer o proxecto e ía a arranxar a estrada. Estamos no ano 2024, é dicir, só pasaron 14 anos para arranxar unha estrada que estaba comprometida e xa estaba o proxecto feito, tiña unha partida que era de 800.000 euros e nunca se chegou a presentar. Coa modificación puntual feita. Isto con respecto á modificación puntual.

Con respecto á tramitación... mire, non sería coherente nin razoable pretender tramitar unha modificación puntual do planeamento para todas e cada unha das actuacións viarias que calquera administración pretenda levar a cabo e cada unha das estradas da súa titularidade.

A lei de carreteras 8/2013 do 28 de xuño de estradas de Galicia, establece un mecanismo moito máis sinxelo e rápido para poder executar as obras aínda que non se axusten ao establecido no planeamento municipal. Así no artigo 23.1 di o seguinte: “as determinacións contidas nos estudos e proxectos de estradas que teñan a consideración de proxecto de interese autonómico terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente” .

É dicir, a Diputación da Coruña, se presenta este proxecto á Xunta de Galicia, vai ao Consello da Xunta e en 3 meses pode estar aprobado. E isto se lle explicou aos técnicos da Diputación da Coruña. E se lle explicou ao actual presidente no ano xa 2017. E o único que teñen parece ser, que a Diputación lle dá vergoña ir a pedir nada á Xunta de Galicia porque como son de distinto cor político din, “no, no, nosoutros á Xunta de Galicia non imos ir pedir nada” . Ese é un trámite sinxelo que leva 3 meses e teñen autorización para facer a obra dentro de 3 meses. Entón parécenos moi grave intentar enganar aos veciños con que a culpa de que non se fai esa carretera é do Concello de Narón. Cando todo o mundo sabe incluído a Diputación que esa obra é competencia da Diputación e non a fai porque non lle dá a gana. Así de claro. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, falabas de que unha modificación do plan leva 32,5 meses, é o dato que anotei no? Pois entón se temos en conta que dende o 2017 ata o de agora foron 84 meses, pois nos sobrarían 51 meses, para que os veciños puideran disfrutar. Que é o que pasa? O que pasa é o de sempre. É o que vos gusta a Terra Galega. O discurso do victimismo. O discurso de “que me lo hagan los demás porque yo no lo quiero hacer”. E que malos son os demais. É así, é así de sinxelo.

Ante a pasividade da Diputación, cal foi a posición dos nosos representantes nos veciños e veciñas de Narón? Ante a pasividade suposta da Diputación da Coruña, que fixeron os representantes do Concello de Narón aparte de cobrar o soldo? Que fixeron? trouxeron a este pleno unha modificación puntual do PXOM para facilitarlle a vida aos veciños e veciñas da Estrada do Feal? Noo. Que tiñan a solución na súa man? Si. Podían haber feito a modificación, 3 meses. Mire, á xente non lle importa o de 3 meses ou 32 eh, a xente o que quere é que se lle arranxe a estrada. E efectivamente é o que ten que facer. Claro que si Román, eso é o que tedes que facer. Falades de enganar, falades de enganar. Mirade, xa cho dixen antes Román, antes de lanzar unha pedra, de verdade, antes de lanzar unha pedra, mira ben o que tedes na casa. O que non podes é que a esa xente que tedes aí, que a tedes enganada vós, eles os están pagando o soldo, o que non podedes facer é solucionarlle neste caso a vía. Eso é o que tedes que facer.

A competencia é vosa, a competencia é vosa. Tedes que facela, a Diputación da Coruña non foi a ningún concello da provincia da Coruña, dos 93 concellos da



provincia da Coruña a modificarlle o PXOM a un concello. Pero que clase de orgullo ten Narón, que teña que vir a Diputación a pedirlle a Xunta a que lles modifique o PXOM? Pero esto qué é? Pero de verdade, que clase de incompetencia é esta? Vostedes non saben facer unha modificación puntual do PXOM? Pero mire, vostedes para qué se presentan as eleccións municipais? Para que se presentan? Para solucionarlle a vida á xente? E falamos de prazos, e por qué temos que facer unha modificación puntual agora? Pois témola que facer porque agora é o momento, porque agora está o partido socialista novo en Narón, que xa non pacta con vostedes. Que é oposición, responsable, pero oposición, sempre defendendo aos veciños e veciñas, eh.

E hai que facelo agora que hai un compromiso en firme da Diputación da Coruña presidida por Valentín González Formoso que é un alcalde de As Pontes que coñece esta comarca. Entonces o que temos que facer é aproveitar que existe ese compromiso, aproveitalo, facer o PXOM rápidamente e solucionarlle a vida á xente. Eso é o que temos que facer Román, e de verdade pídalle perdón á xente, deixade de enganar á xente, traballade que é o que tedes que facer, e votade a favor por responsabilidade. Votade a favor.

-Sra.Ledo Díaz: creo que é importante escoitar á veciñanza e se debe de escoitar entre todos e todas e logo podemos falar disto porque ademais estaba plantexando outra cousa que é o saneamento e me parece ben (A Sra.Ledo di esto en base ao que falan os veciños que están no público). Paréceme ben e nós aprobamos a moción do Icio con 95% para as vivendas que non teñen saneamento, ben.

O que me preocupa, teño que decilo, e o que nos preocupa como BNG é que estamos falando de algo serio e que a política, non podemos facer dela un circo porque nós nos debemos aos veciños e veciñas. E temos que dar unha solución a esa estrada do Feal e eso non se arregla, esto non é un xuízo .. esto non se arregla indo contra uns, contra outros senón poñendo unha solución. Nos sabemos e que o sabemos e podemos intentar enganar aos veciños e veciñas que a Diputación pode actuar de oficio e arranxar esa estrada, sabémolo. Entonces por tanto, se pode actuar de oficio e se lle supón uns custos elevados como tamén supuxeron as reformas da avenida da Solaina e se podían investir en moitas cousas, tamén en saneamento, supón un custo a maiores, non sabemos por que a Diputación non actúa de oficio e quere obrigar ao concello a investir en algo no que non ten que facer para facer esa modificación.

